

■ MAIO-XUÑO 2022
■ XULLO-AGOSTO 2022

Revista Galega de Información Literaria - Ano 20 N.º 116 - 117

PVP 3 €

**Moitas novidades de todos
os xéneros para refrescar o verán**

Biblos

CLUBE DE LECTORES



Certa normalidade

Pouco a pouco retomamos certa normalidade e aquí estamos cun número extraordinario da nosa revista no seu formato tradicional en papel. Mentres agardamos a total recuperación no noso deseñador Xoán González, Xoán G., este exemplar que agrupa os números 116 e 117 reúne todas as novidades dos dous bimestres. Para os socios e socias que recibiron a versión electrónica e de emerxencia que fixemos do número 116, haberá contidos repetidos. Pero como son moitos quen agardan pola revista impresa, adoptamos a solución que chega agora ás súas mans.

Como dicíamos na edición dixital ao desculparnos por estas irregularidades, o que non conseguiron crisis nin pandemias, logrouno un problema de saúde de Xoán G., unha das persoas que máis teñen contribuído a que ao longo de vinte anos non faltásemos nunca antes á cita bimestral desta publicación. Todas as persoas que nos acompañastes ao longo destas dúas décadas, algunhas mesmo dende o primeiro momento, merecen calquera esforzo que poidamos facer por manter ao día esta revista que representa un arquivo vivo do traballo que ten desenvolvido moita xente (creadores e industria cultural no seu amplo e variado conxunto) a prol da lingua, a literatura e a cultura en xeral do noso país. Grazas por todo.



Biblos Club de Lectores, S. L.

Quintá N.º 8 - Mandaio
15391 Cesuras - A Coruña

Teléfono: 981 777 207 Fax: 981 790 039

www.biblosclub.com


email: subscritores@biblosclub.com

Depósito Legal: C 285-03

ISSN: 1697-7440

A Portada

Refrescante imaxe creada polo equipo Boor para evocar unha idea que asocia de forma inescusable o bo tempo e as horas de lecer coa compañía dun libro



Arriba, dous momentos do acto de presentación do libro Ricardo Carvalho Calero no paraninfo da USC (Foto da esquerda: Santi Alvite).
Abaixo, David Pintor, Nani García con Chelo Loureiro, e Javier Becerra na Librería Biblos

O libro de Biblos recolle a súa obra literaria completa

Carvalho Calero regresou ao p da Universidade de Santiago

Cincuenta anos despois de que o profesor Ricardo Carvalho Calero tomase posesión da cátedra de Lingüística e Literatura Galega da Universidade de Compostela (25 de marzo de 1972), e coincidindo tamén co seu cabodano, o pasado 25 de marzo presentouse no Paraninfo da Universidade de Santiago a obra *Ricardo Carvalho Calero. Obra literaria: poesía, teatro e narrativa*. Foi nun acto presidido por Miguel Santalices, titular do Parlamento de Galicia, coa presenza de Antonio López Díaz, reitor da Universidade de Santiago de Compostela; Valentín García Gómez, secretario xeral de Política Lingüística; Manuel Castelao Mexuto e María do Pilar García Negro, autores da edición; e Carmela González Boo, editora.


O volume editado por Biblos, coa colaboración do Parlamento de Galicia e da Secretaría Xeral de Política Lingüística, compila a poesía, o teatro e a narrativa de Ricardo Carvalho Calero, que volven estar accesíbeis para o pobo a que el entregou a súa vida. A edición está ao coidado de Manuel Castelao Mexuto e María Pilar García Negro, estudosos devotos da obra de Carvalho Calero, que prepararon un traballo rexido polo máis inabalábel respecto á vontade autoral.

Ricardo Carvalho Calero. Obra literaria: poesía, teatro e narrativa trae ao mundo da edición en galego un contributo fundamental para poder deseñar o retrato dun escritor do cal admiran a versatilidade e o esmero con que abordou cada peza, cada xénero, cada linguaxe artística, até construír unha obra da máxima elevación estética e que agora, ao ser considerada globalmente, permite percibir en toda a súa significación o lugar impar que Carvalho Calero ocupa na literatura e na cultura galega do século XX.

Xa noutro contexto, os últimos meses foron prolíficos en actividades na librería Biblos de Betanzos, onde se inauguraron exposicións de Rebeca Baceiredo e Afra Torrado

no marco do proxecto artístico e discursivo "Nómades. Entre a palabra e a imaxe" articulado por Inma Doval que tende unha ponte entre a palabra e a imaxe, entre o texto escrito e outras formas de expresión creativa como son a colaxe, o debuxo, a fotografía, a vídeo creación, a pintura ou a escultura.

Reflexionamos sobre cal é a nosa propia relación coa música da man do xornalista coruñés Javier Becerra, autor de *La música no es lo más importante*, unha crónica persoal entre o ensaio e a autobiografía que fala da relación dos melómanos coas cancións e sobre como esta pode derivar en extremos patolóxicos, cando non ridículos e infantís dos que convén soltar lastre.



Prezo especial
para os socios de Biblos
23,75 €

**Manuel Castelao Mexuto e
María Pilar García Negro (Eds.)**

Ricardo Carvalho Calero

Obra literaria: poesía, teatro e
narrativa

Biblos Cartonado
17 x 24 cm 670 páxinas

ISBN: 978-84-15086-54-3

25 €

Raúl M. Santos




Cornucopia

O xurado destacou que “é unha parodia moi ben construída, e cargada de ironía, sobre o papel do escritor e a literatura”. Salientou que “se apoia sobre unha estrutura fragmentaria na liña da literatura posmoderna, pero sen perder nunca o fio nin o ritmo; cunha narrativa moi fluída e con vocación de establecer unha complicidade coa persoa lectora, pero sen por iso ser compracente”. A novela é a primeira obra literaria do seu autor e acadou o apoio unánime do xurado, conformado pola xornalista Montse Dopico, os xornalistas e escritores Xesús Fraga e Nazareth López e os escritores María Marco e Eduardo Losada.

Galaxia Rústica 13,5 x 21 cm 186 páxinas

ISBN: 978-84-9151-897-6

17,10 €



XXXIII PREMIO
TORRENTE BALLESTER
2021

araninfo

Pouco tempo despois de gañar o Goya á mellor película de animación, Chelo Loureiro Vilarelle, directora do filme, e Nani García, autor da banda sonora, compartiron a súa intensa e longa experiencia no mundo do audiovisual.

No mes de abril a escritora Antía Yáñez falou demoradamente da preparación da súa novela máis recente, *Non penses nun elefante rosa*, na que aborda de cheo o tema da saúde mental a través dunha protagonista autoesixente e perfeccionista. O profesor e poeta Xosé Luís Mosquera Camba presentou Parhelio, a obra pola que mereceu o XX Premio de Poesía Fiz Vergara Vilariño. O 23 celebramos o Día do libro con lecturas de textos nas que participaron persoas que se achegaron ata a librería Biblos de Betanzos para compartir o seu gusto polos libros.

Visitáronnos tamén David Pintor para presentar *A miña árbore secreta*, o profesor Miguel Rodríguez Carnota para falar de *Lingua, poder e adolescencia*, Berta Dávila, co seu XXXVIII Premio Xerais de Novela, *Os seres queridos*, a tamén a poeta Olga Patiño e Isabel Pintado para facernos partícipes da beleza de *Amaterasu*.

II PREMIO DE NOVELA CAMIÑO DE SANTIAGO 2021



José G. Barral

Cruzados polo camiño

A finais do ano 2010 comeza a estenderse en medios eclesíasticos o sentimento de que a seguridade do papa Bieito XVI podería estar comprometida na visita a Santiago de Compostela. Deste xeito iníciase unha frenética pescuda de sospeitas e indicios onde personaxes singulares conflúen para dar coa suposta maquinação. Sen renunciar á mordacidade, a novela conduce cara a lugares senlleiros da ruta xacobea, dando pé a un relato que entretece a arte, o ocultismo e a figura do apóstolo nunha desenfreada carreira contra as conxuras e o tempo.

Galaxia Rústica

13,5 x 21 cm 386 páxinas

ISBN: 978-84-9151-849-5

21,28 €



Ramón D. Veiga

Zoom

Ramón D. Veiga pídelles a dez fotografías e fotografías galegas (algún só afeccionado á fotografía) que lle envíen unha imaxe da súa autoría. A que escollan. O obxectivo é argallar unha historia para cada unha delas, achegar unha ollada diferente, unha interpretación persoal sobre a obra desas creadoras e creadores (cinco mulleres e cinco homes). O resultado é este libro de relatos en que a retranscrición e o humor se mesturan de xeito natural coa dor, coa morte e co drama de vivir. Un exercicio de escrita e de imaxinación. Fotografías de Tamara de la Fuente, Pablo Rivas Caride, Lucía García Rey, Susana Estévez, Javier Fernández Pérez de Lis, Paula Gómez del Valle, Marta Moreiras, Ángel Tourón, Iván Nespereira e Hugo Aldatz Alonso.

Xerais Rústica

15,5 x 23 cm 112 páxinas

ISBN: 978-84-1110-104-2

16,10 €



VV AA

Fisterra. Relato curto en Galicia

Un libro coral, un encontro virtual, tecido en tempo de pandemia, dende onde Galicia mira o mundo. Corenta textos inéditos feitos para esta edición por escritoras e escritores senlleiros da literatura galega actual, nos que destacan a súa variada temática, os distintos rexistros empregados e a súa vontade de estilo. As voces masculinas e as femininas irrompen con forza nesta obra amosando un panorama sólido na literatura galega.

Linteo Rústica

14 x 22 cm 472 páxinas

ISBN: 978-84-123801-4-9

20,90 €

Charo Pita



Retratos en branco e negro

Conxunto de relatos polos que transitan almas que vagan, botellas con mensaxe que someten o tempo, unha veciña que vivía ás gargalladas... retratos fantasmais nos que o extraordinario e o cotián van da man para construíren realidades que acaban apuntando á nosa.

Galaxia Rústica
13,5 x 21 cm 98 páxinas
ISBN: 978-84-9151-852-5
13 €



Ginés Cruz



Palabras de pedra

É a historia dunha decisión. O protagonista é un home con autismo de alto rendemento que decide facer unha viaxe acompañado do seu fillo Guille, autista moito máis afectado, o que suporá para el ter que tomar decisións en solitario, renunciando á seguridade de quen sempre estiveran pendentes del (pais, irmáns, exesposa). O relato está narrado en primeira persoa, o que obriga a mirar tanto o contorno coma o resto de personaxes a través da pupila dun home con autismo: literalidade na linguaxe, problemas de socialización ou nivel baixo de empatía. Ao tempo, tamén invita a entender que o mundo pode ser visto e vivido doutras maneiras igualmente enriquecedoras. Unha novela acerca do autocoñecemento, da asunción das propias limitacións e de como é posible aceptar o risco que supón atreverse, a pesar delas, a soñar.

Hércules Rústica
14 x 21 cm 180 páxinas
ISBN: 978-84-18966-45-3
16,15 €



**PREMIO ASUBÍO
DA FUNDACIÓN MARÍA JOSÉ
JOVE E HÉRCULES**



VV AA O libro da rosa

Dende sempre as rosas foron material literario, e non só para os poetas. Con esa premisa a editorial Galaxia pediu a dez autoras e autores de primeira liña da literatura galega que escribisen un relato tomando a rosa como elemento inspirador. Velaquí o resultado, dispar, diferente. Relatos uns que son espíñas e outros que son deleite estético de Agustín Agra, Vicente Araguas, María Canosa, Francisco Castro, Raquel Castro, Miriam Couceiro, Xesús Fraga, Diego Gándara, María Xosé Porteiro e Pura Salceda.

Galaxia Rústica
13,5 x 21 cm 156 páxinas
ISBN: 978-84-9151-854-9
15,50 €



Héctor Pose Porto Muxos

Un cativo orfo de pai co don da curiosidade e de interpretar a natureza. Unha muller que anda, le, escoita e escribe para sobrelevar os envites da vida. Un pintor que plasma o mar e ama desde a soidade dun faro. Muxos recrea unha escrita que consola, pola súa sensibilidade por esas persoas que están entre nós e non somos quen de ver.

Hércules Rústica
14 x 21 cm 140 páxinas
ISBN: 978-84-18966-50-7
15,20 €



Alberto Santos Ledo A muller de lona

O mesmo día no que Hipólito Foxo, o único empregado dun aparcadoiro, empeza a redacción de dúas cartas ás mulleres coas que convive clandestinamente para rachar cunha delas, recibe a sospeitosa chamada da súa xefa que o arrastra a unha situación que non ambicionaba e da que non sabe saír. O protagonista da novela enfrontase a dúas encrucilladas, a sentimental e a laboral, inspirándose no modelo publicitaria, a quen lle dá voz, que protagoniza a campaña de inverno duns grandes almacéns.

Laiovento Rústica
14 x 21 cm 238 páxinas
ISBN: 978-84-8487-584-0
17,05 €



Lois Barcia O pelengriño que foi de cu

Conxunto de relatos que mesturan o conto popular e a narrativa máis culta en temáticas diversas onde non falta a picaresca, o humor, a violencia ou a crítica social. A prosa de Lois Barcia bebe do pasado, intencionadamente allea á normativa actual, e recrea as particularidades gramaticais e léxicas da literatura galega das décadas dos 50 e 60, aínda que os textos foron escritos entre 1980 e o ano 2000.

Morgante Rústica
13,5 x 21,5 cm 252 páxinas
ISBN: 978-84-19040-03-9
19 €



Santiago Ferragud Todo chega desde o mar

A pesar das severas restricións da ditadura, en 1972 unha folga do metal paralizou Vigo durante máis de dúas semanas. Tres anos máis tarde, algúns daqueles folguistas fundaron GRAPO e, desde Madrid, estenderon as súas accións por todo o Estado. Despois de que se proclamase a República seguiron cinco anos convulsos e logo as sinistras intrigas previas ao alzamento militar e a represión á que foron sometidos os republicanos na Illa de San Simón. A novela é punto de encontro de dúas mulleres que pertencen a cada un destes momentos.


Medulia Rústica
15 x 23 cm 234 páxinas
ISBN: 978-84-125532-1-5
18,90 €



Juan Parcerio A soidade selénica

A terra é un océano esférico. A escasa terra firme que queda está poboada por bandas en voraz tensión. Se a humanidade non quere desaparecer, a única saída é a exploración de outros planetas. Pero antes debe probarse a supervivencia na Lúa: o silencio, a soidade. Publicado na colección Ficción científica.

Galaxia Rústica
14 x 21 cm 186 páxinas
ISBN: 978-84-9151-829-7
16,72 €



Alberto Avendaño Maasai

Esta é unha novela sobre o amor, a guerra e a maxia dun pobo. Alberto Avendaño propón unha viaxe de ida e volta a África. Baseouse en feitos da historia maasai e na vida do Laibon Mbatian, o seu mítico líder espiritual, para crear unha rede de historias que cuestionan con profundo humanismo e certo humor que, de non ser maasai, cualificaríamos de retranqueiro. Algo do que aquí se conta, escoitouno o autor en Mombasa a mediados dos anos oitenta do século XX. Con ilustracións de Xosé Freixanes.

Galaxia Rústica
13,5 x 21 cm 138 páxinas
ISBN: 978-84-9151-842-6
15,50 €



Diego Giráldez O meu sangue

Para David Ledesma, que soña con ser un escritor de éxito de novela negra, un disparo ridículo nunha perna pon o colofón da súa vida con Belén e o comezo dunha relación traxica con María. A partir de aquí, o protagonista mergúllase nunha trama onde a violencia, a maldade e o amor entretécen un relato de vinganza. Diego Giráldez compón un gran tapiz que nace da intimidade dun corazón desafuzado que loita por recompoñerse. Obra de intriga que arrastra ao descenso aos infernos do protagonista e a unha defensa irracional do que dá a felicidade: os seres e os lugares queridos.

Galaxia Rústica
13,5 x 21 cm 148 páxinas
ISBN: 978-84-9151-841-9
15 €



Javier Fraiz Morte no espello

Unha morte crea o conflito, outra resólveo. Hai vidas moi afastadas que se conectan nos seus finais. Un cadáver no lugar e na situación máis insospeitados. A demostración de que as aparencias, que constrúen os prexuízos, son falibles. O poder concibido como un exercicio de impunidad. A falsa moral, a dobre vida. O sexo, en ocasións, é só unha transacción que vincula mundos distanciados. A culpa é o maior medo dunha autoridade que vive e fai gala da exemplaridade. A vocación dos bos policías, os atrancos do xornalismo.


Galaxia Rústica
13,5 x 21 cm 280 páxinas
ISBN: 978-84-9151-898-3
19,71 €



Xavier Alcalá Alén da desventura

Obra que gañou o Premio Blanco Amor en 1998. Recolle os relatos dun mariño inglés, Isaac Moore, e dun misioneiro español, o padre Sineiro. Unha trepidante historia trazada con paixón de artesán que achega intrigas e aventuras por terras e mares ignotos na época da Ilustración. Chega acompañada agora coas ilustracións dos personaxes máis representativos realizadas por Siro.

Galaxia Rústica
13,5 x 21 cm 352 páxinas
ISBN: 978-84-9151-901-0
21,85 €



Xosé Neira Vilas A muller de ferro

Conxunto de relatos publicados en 1969 que teñen como escenario e protagonista o mundo rural galego, non idealizado e libre de calquera tentación nostálgica. Dende unha perspectiva crítica, a violencia, os prexuízos e a miseria están presentes nun mundo para o que se reclama conciencia colectiva e solidariedade.

Galaxia Rústica
13,5 x 21 cm 146 páxinas
ISBN: 978-84-9151-846-4
15,20 €



Justo Calviño Cruz Os contos do avó

Anécdotas e ficcións dun nonaxenariano, aínda cheo de dinamismo, lucidez, sabedoría e lembranzas, que transmite aos seus tres netos estes relatos como parte do seu legado inmaterial. Polo texto, transcorren episodios da vida de certos personaxes reais coma os maquis, pegureiros, o rei García, unha Carme Martín Gaité adolescente, o escultor Faílde Gago, o rei Salomón e a raíña de Saba; ou míticos como as bruxas, o can negro, o tangaño humanizado, o malvado e escapulido Fantômas ou o verme Shamir; ademais de diversos aspectos da interesante vida dos ratos, das pitas do monte, formigas, dos lobos, paxaros, osos, lagartos e das cobras, coma xa o fixeran, no seu día, Charles Perrault, os irmáns Grimm ou Andersen.

Toxosoutos Rústica
13 x 20 cm 148 páxinas
ISBN: 978-84-125393-2-5
15 €



Xesús Manoel Abalo Piñeiro Cara ao norte

Conxunto de relatos que se len como novela pola unidade espazo-temporal onde acontecen ou se rememoran: o vagón dun tren que vai cara ao norte. Limiar de Xavier Queipo e ilustracións de Valentina García Abalo.

Medulia Rústica
15 x 23 cm 178 páxinas
ISBN: 978-84-125253-6-6
17 €



Daniel Ugarte Dezanove comunas e un aeroporto

Hai varios xeitos de contar unha cidade, de querela ou de odiala, ou simplemente de habitala, mais Daniel Ugarte entende que só escribindo sobre ela é que se chega a descubrila na súa totalidade. Opta aquí por contala alén dos tópicos. Faíno rompendo a escribir vinte anécdotas entrelazadas, situando cada unha delas nunha sección administrativa dunha aglomeración que se artella, como refire o título, de dezanove comunas e un aeroporto. Bruxelas é outra, ou cando menos distinta de como adoitan describirla e consegue darlle un outro ar, o de cidade cosmopolita e próxima.

Morgante Rústica
13,5 x 21,5 cm 204 páxinas
ISBN: 978-84-19040-02-2
16,62 €



Blanca Riestra **Aquí comeza o mar**

Aquí comeza o mar é a historia dunha cidade anómala, A Coruña, segunda capital do franquismo, onde, ás costas dos funcionarios e da xente ben, a finais dos setenta, empeza a medrar unha bohemia desaforada e imaxinativa, unha vida nocturna velenosa e fulgurante. Polas páxinas da novela móvense pintores, músicos de rock, escritores e poetas á procura dunha cultura propia nunha explosiva epopea de autodestrución persoal chea de humor, de drogas, de fantasía, de sexo.

Galaxia Rústica
13,5 x 21 cm 240 páxinas
ISBN: 978-84-9151-808-2
18,71 €



Manuel Portas **Unha cervexa Chang**

En plena crise persoal e económica, acentuada por un escuro asunto fraudulento do que foi vítima, o protagonista decide aproveitar as vacacións de Nadal para descansar lonxe, nunha praia paradisíaca de Tailandia. Só para que as ameazadoras circunstancias que o abafan, un matrimonio fracasado, un negocio de antigüidades en decadencia, unha familia que lle reclama responsabilidades desmedidas e unha ansia de liberdade que xa parece ilusión va, queden un tempo á marxe. Mais, cando xa está a piques de volver para a casa, un acontecemento inesperado vai complicar aínda máis a súa maltreita existencia.

Galaxia Rústica
13,5 x 21 cm 220 páxinas
ISBN: 978-84-9151-843-3
18 €



Luís Manuel García Mañá **Non é de Taramundi**

Os anos cincuenta representan para Galicia e comarcas limítrofes novos avances para a mellora da situación económica. España remata o "racionamento" e consegue entrar na ONU. A existencia do ferrocarril de vía estreita de Vilaoudriz a Ribadeo vai dirixíndose cara á súa fin, o mesmo que certos modos de vida. Constrúense novas estradas en substitución de vellos camiños polos que circulan vehículos de motor xunto aos de tracción animal. Algunhas mulleres reivindicán un papel de igualdade cos homes nunha sociedade máis plural. Pero o Réxime resístese a ceder.

Galaxia Rústica
13,5 x 21 cm 148 páxinas
ISBN: 978-84-9151-837-2
15 €



Irene Montero **Lúa Nova**

Lúa Lóngora é unha pianista recoñecida e admirada no mundo enteiro. Coa música como eixe sobre o que se vertebra toda a súa existencia, goza dunha vida plena e afortunada rodeada de seres que a queren. Lúa é cega de nacemento, unha condición que non lle impediu avanzar no seu camiño. Mais chega un momento en que a vida a pon diante dos seus medos, das súas dúbidas, do seu futuro... Os cambios sempre asustan, tamén a Lúa, que ata agora se atreveu con todo. Cunha historia tenra e conmovedora, Irene Montero invita a reflexionar sobre a discapacidade e propón unha percepción da realidade cunha ollada diferente, máis aberta, máis inclusiva e máis respectuosa.


Xerais Rústica
15,5 x 23 cm 96 páxinas
ISBN: 978-84-1110-112-7
15,67 €



Moncha Fuentes **O tradutor de sombras**

Tentando resolver o seu problema co alcohol, o profesor e tradutor Roque Corbal loita cos propios fantasmas nun tránsito que comeza en Ourense durante o estourido da guerra civil e finaliza con algúns acontecementos sociais en Vigo, pouco tempo antes da chegada da pandemia. A novela achega a traxedia persoal do avó Néstor; fai vibrar coa historia de amor e morte da nai, Camila Ferro e afonda, a través do seu pai, Arcadio Corbal, no desenvolvemento da psiquiatría galega da década dos sesenta e principios dos setenta.

Xerais Rústica
15,5 x 23 cm 176 páxinas
ISBN: 978-84-1110-135-6
16,62 €



Alberto Canal **Carolina**

Carolina Ernaú é unha muller que loita por sobrevivir nunha cruel guerra fratricida onde os gañadores, ademais de tratar de aniquilar fisicamente os vencidos, pretenden impedir que pensen e imaxinen. Unha muller que se converte en maquis e espalla a paixón polos libros e sobre a que penden ameazas de cadea, de tortura e de morte. Este é o relato dunha vinganza, a de quen non soporta a impunidade dos crimes e decide administrar xustiza pola man, protagonizando peripecias que poñerán en perigo aquelas persoas que participan no cometido. Unha historia de paixóns, vinganza e libros.

Xerais Rústica
15,5 x 23 cm 344 páxinas
ISBN: 978-84-1110-136-3
18,52 €



Adrián Noia **O país dos raposos**

Nun país calquera, a vida cotiá vese alterada pola sublevación dun grupo terrorista que quere impoñer un réxime violento. Dous irmáns, membros da alta Administración do extinto Estado democrático, son obrigados a colaborar na nova causa. Con todo, a sociedade en vías de construción nace da vontade persoal dun individuo, afixido polos seus traumas máis profundos. Amor, violencia, hipocrísia e distopía son os temas que se mergullan nesta historia inverosímil, pero factible. Así e todo, ningún coñece, a ciencia certa, cal é o seu porvir.

Toxosoutos Rústica
13 x 20 cm 128 páxinas
ISBN: 978-84-125393-3-2
14 €



Xerardo Agrafoxo **Nas terras vermellas do Brasil**

"Esta viaxe ao Brasil comezou moitos anos atrás, cando de neno acubillaran no meu calete tres misterios. O primeiro chamábase Pão de Açúcar, o esvelto miradoiro empoleirado coma unha estatua xigante na baía do Río de Xaneiro. O segundo era que un país tan grande fose bautizado co nome dunha árbore cativa, o pau brasil. O terceiro misterio xurdira cando ouvín na miña infancia a verba pernambuco, que significa "buraco no mar", asociada a un lugar remoto e descoñecido".

Toxosoutos Rústica
13 x 20 cm 296 páxinas
ISBN: 978-84-124910-6-7
18,05 €



Xabier Cid **10.000 millas de andar na bici**

Entre 2018 e 2020, a protagonista deste libro repartiu comida polas rúas de Glasgow e outras cidades escocesas enriba dunha bicicleta tradicional (non das eléctricas). Nestas páxinas conta, brevemente, o que viu e o que cavilou neses 17.000 km enriba da bici, pedaleando polas rúas e biceiras dunha illa que se derruba.

Xerais Rústica
12 x 18 cm 112 páxinas
ISBN: 978-84-1110-087-8
17,05 €



Xosé Ramón Pena En tempo de desconto

Un mollo de historias que poderían ser en si mesmas partes dunha novela que as transita e atravesa e onde os personaxes, atrapados na vida, atropelados por ela, gobernan como mellor poden o seu destino. Coma as vías dun tren que leva, pero que non se sabe cara a onde, os que viven nestas historias veranse guiados por horizontes sorprendentes e inesperados que lles farán aceptar derrotas, gañar batallas e, en definitiva, vivir. Xosé Ramón Pena confirma unha vez máis por que pertence á mellor tradición de contistas.

Galaxia Rústica
13,5 x 21 cm 236 páxinas
ISBN: 978-84-9151-831-0
18,76 €



Miguel Sande O negociador

O punto de partida desta novela é o feito histórico do secuestro máis longo cometido por ETA no Estado español. As negociacións, que se desenvolven en Alxer, son narradas a través do excepcional testemuño do home que participou naqueles encontros pola liberación. As lembranzas e as sensacións dese momento enchen todo o relato. As vidas das persoas implicadas no proceso de acordo, tamén da parte de ETA, convértense nun complexo labirinto con diferentes saídas e historias colaterais que afectan incluso a xeracións posteriores. A obra tece unha proposta documentada e suxestiva na que se entrelazan emocións intensas e contextos políticos que intentan explicar as consecuencias persoais daquel acontecemento. Un reto narrativo de altura que non deixa de sorprenden ata o final.

Xerais Rústica
15,5 x 23 cm 152 páxinas
ISBN: 978-84-1110-111-0
16,10 €



Cristina Pato No día do seu enterro

Despois da inesperada morte do seu pai, as tres irmás Raposo comezan unha viaxe vital que as leva a descubrir as múltiples realidades da cidade de Ourense nas que se movía o seu proxenitor, vendedor de xoias ao fiado. Cristina Pato constrúe unha novela sobre o poder da palabra, a nobreza dos invisibles e sobre as verdades non contadas que hai detrás de case todas as familias. Unha conmovedora historia que fala de como reconstruír a vida nunha cidade chea de sorpresas.

Galaxia Rústica
13,5 x 21 cm 136 páxinas
ISBN: 978-84-9151-832-7
14,90 €



Lito Caramés Esa dor tan mala de limpar

Un mollo de relatos de temáticas moi diferentes nos que se mesturan persoas que deambulan, ollares para o fondo de cadaquén e diálogos de tintes surrealistas cargados de todas as intencións. Como di o propio autor, un arco da vella con silencios onde cómpre a complicidade de quen le para facer as teselas que faltan. Con abundantes ilustracións de Anxo Baranga. Ambos colaboraron na edición de *E agora pasa un tren*, un libro de relatos inspirados en viaxes no tren de Galicia-Barcelona, publicado por Biblos.

Rústica 15 x 21 cm 204 páxinas
ISBN: 978-84-17795-64-1
8 €
Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €



Xosé Neira Vilas Tempo novo

Relatos ambientados en Cuba, no tempo de cambio que se abre tras a Revolución de 1953. Ofrecen retratos notables e descrições de escenas e costumes que teñen que ver cos galegos emigrados, fala do seu desarraigamento e da esperanza nos cambios sociais que se estaban a operar.

Galaxia Rústica
13,5 x 21 cm 236 páxinas
ISBN: 978-84-9151-803-7
15,75 €



Paz Leirós Y tú por qué quieres hablar de eso

A historiadora Paz Leirós constrúe en *Y tú por qué quieres hablar de eso* –a súa primeira novela– un relato que mistura ficción e historia sobre a memoria máis incómoda da guerra civil e da posguerra. É o testemuño literario dunha familia que apoiou o golpe de estado en Santiago de Compostela.


Alvarellos Rústica
14 x 21 cm 144 páxinas
ISBN: 978-84-18567-22-3
15,67 €



Berta Dávila Os seres queridos

Cinco anos despois de ser nai, a protagonista desta novela atópase inesperadamente na disxuntiva de decidir se quere volver selo ou non. O recordo doloroso do primeiro ano de crianza do seu fillo devólvelle un reflexo da experiencia que non resulta doado encaixar, atravesado pola culpa e o arrepentimento. Desde o relato das derradeiras semanas do ano, onde as reunións familiares se mesturan con acontecementos repentinos, a narradora fala da familia e da parella, dos lazos que non se escollen, pero tamén do loito, da amizade e da capacidade da literatura para recoller aquilo ao que nos custa poñerlle nome.

Xerais Rústica
15,5 x 23 cm 136 páxinas
ISBN: 978-84-1110-030-4
16,10 €



Arantza Portabales Sobrevivindo

Val Valdés presentouse no ano 2000 a un programa de telerrealidade, do que saíu vencedora e rica. A partir dese momento, convértese nunha empresaria da que apenas se coñece a súa vida privada. Alternando pasado e presente, *Sobrevivindo* tece unha trama de intriga arredor da súa protagonista: unha muller que loita contra si mesma e contra o resto do mundo. Sobre o pano de fondo dunha miríade de personaxes secundarios, a novela vai deixando ao descuberto a noiva adolescente, a alumna, a esposa, a viúva, a nora, a nai, a xefa, a reclusa e a empresaria de éxito. Val Valdés descomponse en múltiples pezas que teñen detrás un misterio arrepiante.

Galaxia Rústica
13,5 x 21 cm 222 páxinas
ISBN: 978-84-9151-788-7
16,05 €



Stella Estrada Mosquera Bajo el limonero

Obra que combina a axilidade do xénero epistolar coa profundidade da prosa. Unha viaxe polo espazo e o tempo surfeando as embestidas das lembranzas. A autora guía da man ata o escenario onde medrou e botou raíces e ao que sabe voltar sen temor a perder o norte. En castelán.

Medulia Rústica
14 x 21 cm 152 páxinas
ISBN: 978-84-125532-9-1
17 €



Francisco Rozados "Rochi"

Niscoventa

O relato é un canto triplo: ós canteiros e o Verbo –ese latín hoxe perdido–, á resistencia antifranquista que se botou ó monte en defensa da liberdade e á propia montaña como espazo natural e mítico no que aqueles homes e mulleres porfiaron na loita contra a Dictadura, sabéndose perdedores e querendo para si ese sentimento de perda antes có dun sentimento de triunfo equivocado. Un vello canteiro lembra aqueles anos relendo o seu diario.


Toxosoutos Rústica
13 × 20 cm 82 páxinas
ISBN: 978-84-124910-8-1
13 €



Fatema Mernissi Soños no limiar

Única novela de Fatema Mernissi (1940-2015), onde narra unha falsa autobiografía sobre a súa infancia nun harén en Fez nos anos 40. A ollada tenra dunha nena que ve o mundo que a rodea e non entende, a visión do masculino e o feminino, os soños e esperanzas arrolados polos contos de Scheherezade e as princesas dos *Contos das mil e unha noites*. Un relato cheo de tenrura, nostalgia, espectáculos, bailes, comidas, sabores, sons, porque as palabras son o verdadeiro camiño á liberdade. A tradución é de Rocío Viéitez Ferro.

Laivento Rústica
14 × 21 cm 238 páxinas
ISBN: 978-84-8487-565-9
18,95 €



James Joyce Ulises

Publicada en París en 1922 pola librería Shakespeare and Company, a novela de James Joyce (Dublín, 1882-Zürich, 1941) desenvólvese durante un único día, o 16 de xuño de 1904, na cidade de Dublín. Joyce emprega, á parte da corrente de consciencia, a parodia, os xogos de palabras e unha variada e ampla gama de técnicas narrativas. A súa influencia na literatura posterior foi indubidable, tanto no que se refire á transformación que supuxo respecto da maneira de narrar coma no repertorio de formas literarias, sen esquecer a transformación da idea de novela, na que *Ulises* marcou o paso do modelo decimonónico ao modelo de novela contemporánea. Traducida ao galego por Eva Almazán, María Alonso Seisdedos, Xavier Queipo e Antón Vialle.

Galaxia Cartonado
14,5 × 22 cm 1006 páxinas
ISBN: 978-84-9151-796-2
37,95 €



Karmele Jaio A casa do pai

Jasone e Ismael son unha parella que arrastra certa crise dende que as fillas abandonaron a casa familiar. El, escritor, pasa por un momento de bloqueo creativo que cadra coa responsabilidade de ter que coidar do pai namentres a nai está ingresada, o cal provoca que agromen recordos traumáticos que derivan na reinterpretación da vida familiar. Jasone, pola súa banda, fai balance das renuncias e as perdas e sente que debe recuperar dalgún xeito os soños relegados, como a escrita e a ilusión de montar unha editorial coa súa cuñada e grande amiga da mocidade. Os máis de trinta capítulos curtos de *A casa do pai* presentan unha hábil alternancia de tres voces, algúns cambios de perspectiva e sucesivas analepses. A miúdo máis suxeridas ca evidentes, toca temas como as complexas relacións entre a masculinidade e o feminismo, o inmovilismo, a culpa, a complicidade, a identidade, os segredos, a memoria ou os roles convencionais. Recoñecido como Mellor libro do ano en éuscaro pola Asociación de Librerías de Navarra e mais pola III Akademia. Traducido do éuscaro por Isaac Xubín.

Hugin e Munin Rústica
13,5 × 20 cm 212 páxinas
ISBN: 978-84-123933-6-1
15,67 €



José Estévez López Andrea e Raúl

Andrea, 35 anos, divorciada, nacionalista, candidata nas eleccións ao Concello de Sanxenxo; Raúl, 65 anos, viúvo, de vacacións en Sanxenxo e Cangas; e o detective Estévez, viúvo e admirador dos detectives Pepe Carvalho e de Frank Soutelo, son partícipes dunha historia de amor que comeza a rodar entre o posible e o improbable e dun asasinato sen resolver.


Toxosoutos Rústica
13 × 20 cm 142 páxinas
ISBN: 978-84-125393-1-8
15 €



Aquilino Ribeiro A casa grande de Romarigães

Esta é a crónica dunha casa: dende a súa construción a mediados do século XVII ata a súa decadencia e abandono a finais do século XIX. E é tamén a historia de Portugal dende a súa independencia de España, pasando pola invasión francesa, a guerra civil ou os recorrentes pronunciamentos militares. A modo de reportaxe contemporánea, pero facendo gala dun estilo poético e refinado que mestura linguaxe erudita e a popular, desfila por estas páxinas unha dinastía de nobres que ao longo de case tres séculos acumulan relacións prohibidas, fillos ilexítimos, amores, traizóns, heroes ou mortes estrañas. Escrita en 1957, *A casa grande de Romarigães* é un espello fascinante da historia moderna de Portugal e, por extensión, do resto de Europa: a confrontación entre a servidume da vida rural baixo a hexemonía do clero e a nobreza. En tradución de María Alonso Seisdedos.

Factoría K de Libros Rústica
15,5 × 22,5 cm 360 páxinas
ISBN: 978-84-19213-04-4
17,10 €



James Joyce Dublineses

En tradución de María Alonso Seisdedos. James Joyce publicou *Dublineses* en 1914. Unha colección de quince relatos escritos dun xeito realista nos que se retrata a clase media de Dublín e arredores durante os primeiros anos do século XX. No momento en que o autor escribe estas narracións, o nacionalismo irlandés e a súa defensa da identidade nacional estaban en plena efervescencia.

Galaxia Rústica
13,5 × 21 cm 252 páxinas
ISBN: 978-84-9151-799-3
17,10 €



Natalia Ginzburg **Léxico familiar**

"Ao longo da miña infancia e adolescencia tiña en mente sempre escribir un libro que falase das persoas que vivían daquela ao meu redor. Este é, en parte, ese libro. Iso si, só en parte, porque a memoria é lábil e porque os libros que se toman da realidade non son a miúdo senón tenues faíscas e estelas de canto vivos e ouvimos". A chave desta novela extraordinaria trázase xa no título. Primeiro "familiar", porque narra a historia dunha familia xudía e antifascista: os Levi, en Turín, entre os anos trinta e cincuenta do século pasado. E "léxico", porque os camiños da memoria pasan a través da lembranza de frases, maneiras de dicir, expresións particulares. Traducida por María Alonso Seisdedos.


Laiovento Rústica
14 x 21 cm 202 páxinas
ISBN: 978-84-8487-588-8
17,05 €



Marco Malfatto **Aquela praia dos Hamptons**

A recomendación por parte do seu terapeuta de dar un paseo polas praias dos Hamptons levou ao protagonista a coincidir con Merton, un exitoso produtor de televisión a quen coñece dende hai tempo. Este encontro converteuse nunha oportunidade para revitalizar a súa carreira como guionista, pero o único que parece obsesional é un burato no seu calcetín dereito. Cun humor mordaz e unha divertida prosa narrada en primeira persoa, esta novela breve remite á intriga, á elegancia e ao enxeño de autores como John Updike, Anne Tyler ou Eduardo Mendoza. Tradución de Iago Nicolás.


Faktoría K Rústica
13,5 x 20,5 cm 152 páxinas
ISBN: 978-84-19213-11-2
15,20 €



Stephen Crane **O monstro**

O elegante cocheiro negro que traballa para a familia Trescott queda desfigurado tras salvar ao rebuldeiro fillo do doutor Trescott, de morrer entre as lapas dun incendio. A súa fazaña fai que toda a vila de Whilomville o considere un heroe, sobre todo cando se espalla o rumor da súa morte. Non obstante, malia a gravidade das feridas, o doutor consegue salvalo e empéñase en mantelo con vida, feito que desata unha imparable vaga de repulsa entre a veciñanza. Esta novela curta aborda o racismo, os prexuízos, o ostracismo e a intolerancia cara aos afroamericanos que marcaron o século XIX e boa parte do XX nos Estados Unidos. O texto salienta polo estilo depurado o uso da ironía e a intensidade dalgunhas pasaxes. Traducida do inglés por Iago Nicolás Ballesteros.

Hugin e Munin Rústica
13,5 x 20 cm 128 páxinas
ISBN: 978-84-123933-8-5
14 €



Maria Edgeworth **O castelo Rackrent**

O vello e honrado Thady lembra os seus anos de leal servizo ás catro últimas xeracións da estirpe dos Rackrent. Así, con involuntario humorismo, retrata os seus sucesivos amos: sir Patrick, bebedor e xeneroso anfitrión; sir Murtagh, preiteante infatigable; sir Kit, cruel ludómano que, dende a afastada cidade de Bath, gasta a balbaruto; e, finalmente, sir Conolly, narcisista e desbaldador. O fiel servente asiste con asombro ao declive dunha caste e ao ascenso social do seu propio fillo, o avogado Jason Quirk. Obra satírica, con varias capas de lectura e pioneira da literatura histórica anglo-irlandesa. Traducida do inglés por Alejandro Tobar.

Hugin e Munin Rústica
13,5 x 20 cm 104 páxinas
ISBN: 978-84-123933-7-8
13,50 €



Ivo Andrić **A ponte sobre o Drina**

Un cativo labrego, arrincado dos brazos da súa nai, queda marcado ao cruzar as bravas augas dun río. Ese mesmo neno decidirá anos despois erixir unha ponte naquel lugar, para unir os estremos do imperio que goberna. Unha ponte que marca a vida das xentes que habitan na súa bisbarra, e que nun mundo inestábel e axitado é o seu maior e máis prezado tesouro, testemuña das mudanzas dunha terra asentada entre dúas culturas, en constante e dramática evolución. Un universo de visires, comerciantes, labregos e soldados rodea a ponte, protagonista muda desta crónica de 300 anos. *A ponte sobre o Drina* é un cartafol cheo de relatos sobre a vida e os costumes do corazón de Europa, dende os comezos do dominio otomán até o estoupido da Primeira Guerra Mundial, con exemplos de pacífica convivencia entre as relixións e momentos de violencia desapiadada como fondo, nunha historia que conduce ao máis profundo de Bosnia. Tradución do serbio de Jairo Dorado Cadilla.

Rinoceronte Rústica
13,5 x 21,5 cm 368 páxinas
ISBN: 978-84-17388-82-9
20,80 €



fáltanlle uns días para celebrar os corenta anos de casados. Pasan malos momentos: a súa filla, Quintana, está en coma na UCI por unha gripe que se complicou gravemente. Unha noite, tras visitala no hospital, sentan a cear no seu apartamento neoiorquino e un infarto fulminante acaba coa vida de Dunne. Joan Didion tenta buscarlle sentido ao sucedido para asimilalo e recompoñer corpo e alma. O resultado é un sagaz estudo do dó en que milleiros de lectores se viron –ou se verán, avisa Didion– reflectidos no transo de perder un ser querido. A tradución do inglés é de Eva Almazán García.

Rinoceronte Rústica 13,5 x 21,5 cm 210 páxinas
ISBN: 978-84-17388-81-2
19,95 €




Italo Svevo **A historia do bondadoso vello e da fermosa moza**

Crendo chegada a súa derradeira oportunidade para gozar do amor, un adineirado vello, con todas as contradicións e manías que lle corresponden por idade e por clase social, e que amais se lucra coas desgrazas derivadas da Primeira Guerra Mundial, aventúrase na sedución dunha fermosa moza tras coñecerla no tranvía de Trieste. O relato aborda un tema recorrente na literatura de todos os tempos: as relacións sentimentais entre persoas de distintas xeracións, onde entran en xogo valores como a condescendencia e o paternalismo e, neste caso, tamén eivas como a hipocrisía. O ancián tira partido, mesmo intelectual, da situación, e chega a manexar, no seu beneficio e exculpación, a necesidade de amparo ante as dificultades da vida. O relato salienta pola utilización de técnicas narrativas do que se entende por escritura moderna, pola inclusión constante de frases sintéticas e memorables e por unha prosa decantada con esmero, con toques de ironía e un humor cruento no retrato da situación. Traducido por Isabel Soto.

Hugin e Munin Rústica
13,5 x 20 cm 88 páxinas
ISBN: 978-84-122593-8-4
12 €

Joan Didion **O ano do pensamento máximo**

Ao matrimonio de escritores, xornalistas e guionistas formado por Joan Didion e John Gregory Dunne



Gustave Flaubert

A educación sentimental

A *educación sentimental* publicouse en dous volumes en 1869 e nela Flaubert quixo retratar, a partir da súa experiencia persoal e a dos seus amigos, a historia moral e sentimental da súa xeración. Deste xeito, fusiona as regras da novela histórica coas do realismo para abordar en tres partes os feitos acaecidos entre 1840 e 1868, ao tempo que reinventa a novela de aprendizaxe. O fio condutor é Frédéric Moreau, un mozo de provincias que se traslada a París e verá fracasadas todas as súas expectativas e ilusións. A súa historia de amor cunha muller casada bastantes anos maior ca el, inspirada en feitos autobiográficos, é o auténtico motor da trama. Malia que cando se publicou foi duramente tratada pola crítica, incómoda ante o reflexo dunha realidade inmediata pintada co pesimismo característico do autor, a obra converteuse nun clásico de inmensa influencia, tanto polas súas escenas memorables, que cabe saborear liña a liña, coma polas innovacións que contén: a escasa importancia concedida á trama, a prol da descrición; un narrador impersoal; o uso de técnicas como o estilo indirecto libre e o contrapunto; e, sobre todo, as elipses e as rupturas temporais, por veces dunha secuencia a outra –«os brancos de Flaubert», en palabras de Proust–, que case parecen anticipar a fotografía e a montaxe cinematográfica. Traducida do francés por Isabel Soto.

Hugin e Munin Rústica

13,5 × 20 cm 540 páxinas

ISBN: 978-84-123933-5-4

19,95 €



Tatiana Țibuleac

O verán no que miña nai tivo os ollos verdes

Aleksy rematou os seus estudos e planea pasar as vacacións cos seus amigos en Amsterdam, pero todo se torce cando a súa nai –a persoa que máis odia no mundo– o suborna para que pase con ela un último verán nunha pequena vila de Francia. Alí deberá enfrontarse ao seu vínculo roto e ao segredo que garda súa nai. Mediante un relato cru, agresivo e convulso –feito polo propio Aleksy por recomendación do seu psiquiatra– asoma a historia dunha reconciliación imposible. Traducido por Andreea Birsanu.

Rinoceronte Rústica

13,5 × 21,5 cm 218 páxinas

ISBN: 978-84-17388-78-2

19,47 €



Charlotte Delbo

Ningún de nós ha volver


En xaneiro de 1943, dúascentas corenta mulleres, a maioría delas comprometidas coa Resistencia, foron transportadas nun vagón de gando dende Francia ao campo de concentración de Auschwitz. Só regresaron corenta e nove, unha delas Charlotte Delbo. Pouco despois da súa liberación en abril de 1945, reconstruíu o seu recordo a partir de instantáneas daqueles días. O seu relato plasma, dunha forma poética, a voz daquelas mulleres desposuídas de identidade que souberon sosterse as unhas ás outras. Delbo gardou este testemuño durante vinte anos antes de decidirse a publicalo. A tradución é de Sergio Gómez Blanco.

Rinoceronte Rústica

13,5 × 21,5 cm 138 páxinas

ISBN 978-84-17388-77-5

15,20 €



Han Kang

A vexetariana


Yeonghye é unha muller sen apenas voz que decide facerse vexetariana logo de empezar a ter soños violentos. O marido de Yeonghye, o seu cuñado e a súa irmá máis vella contan a historia desta muller dende o seu punto de vista nos tres relatos que compoñen a novela. No primeiro, "A vexetariana", un home mediocre descobre que a súa parella está cambiando. No segundo, "A mancha mongólica", a perspectiva é a do cuñado de Yeonghye, un artista audiovisual que non consegue sacar unha imaxe da cabeza e está disposto a todo para facela realidade. O último relato, "As lapas das árbores", segue a Inhye, a irmá de Yeonghye, mentres se enfronta ás consecuencias da decisión da súa irmá. A vexetariana recibiu o premio Man Booker en 2016 e o premio San Clemente en 2018. A tradución é de Alba Vereza Pérez.

Rinoceronte Rústica

13,5 × 21,5 cm 178 páxinas

ISBN: 978-84-17388-79-9

18,52 €



Isabelle Eberhardt

Siluetas na area (relatos)

Estes relatos de Isabelle Eberhardt non son notas de viaxe nin diarios, senón que teñen un compoñente ficcional. Eberhardt traza siluetas de homes pasionais –mesmo violentos– e mulleres submisas, mais uns e outras silandeiros, discretos, soñadores, hospitalarios e, por riba de todo, temerosos de Deus. Fronte a eles, as siluetas altivas dos seus colonizadores. Para os alxerianos, os relatos de Eberhardt son unha fonte de información sobre os usos e costumes de comezos do século xx, dado que a autoridade colonial se encargaba de anular todo vestixio da súa acción. A autora (Suíza, 1877) achega Occidente e o mundo árabe, ao transmitir con valentía ideas fermosas e avanzadas para o seu tempo, que non foron recoñecidas ata máis tarde. Tradución do francés, introdución e notas de Fernando Domènech Rey.

Rinoceronte Rústica

14,5 × 22 cm 250 páxinas

ISBN: 978-84-17388-75-1

19 €



Kopano Matlwa

Dor menstrual


Masechaba consegue exercer a Medicina, o seu soño da infancia. Porén, axiña se enfronta á realidade de traballar nun hospital sen apenas recursos. Á vez que trata de aliviar a dor allea, a protagonista ten que vencer os seus propios demos: as fortes dores menstruais, o dó polo suicidio do seu irmán e as presións dunha nai profundamente relixiosa, que trata de afastala da súa única amiga, a combativa Nyasha. Traducida do inglés por Moisés Barcia.

Rinoceronte Rústica

13,5 × 21,5 cm 152 páxinas

ISBN: 978-84-17388-71-3

16,05 €



Aki Shimazaki

Azami

Mitsuo Kawano traballa como editor nunha publicación cultural mentres espera fundar a súa propia revista de Historia. Aos seus 35 anos hai tempo que deixou de ter relacións sexuais coa súa parella e frecuenta salóns eróticos. Un día crúzase con Gorô Kida, un excompañeiro que se converteu no presidente dunha importante empresa, e con el asiste a un selecto club onde atopa unha antiga amiga da escola, a misteriosa Mitsuko, o seu primeiro amor. O encontro con Mitsuko, a quen chama Azami, coma a flor do cardo, esperta nel unha paixón inesperada e revivir os seus desexos de xuventude. A tradución dende o francés é de Sergio Gómez Blanco.

Rinoceronte Rústica

13,5 × 21 cm 120 páxinas

ISBN: 978-84-17388-70-6

15,20 €



Rosa E. Gantes

Soños á beiramar

Unha tarde de final de verán, Tainá convidou a Luana, a pequena veciña que acaba de chegar á vila, a xogar co seu papavento no bordo do mar. Unha divertida xornada de xogos e confidencias entre amigas axuda as protagonistas desta historia a comprender mellor sentimentos e emocións. Con ilustracións de Rafa Antón.

Kalandraka Cartonado
22 x 22 cm 40 páxinas
ISBN: 978-84-1343-157-4
14 €




Álex Mene

A encantadora de serpes

Conto inspirado nas tradicións e cultura da India. Unha nena chamada Naisha ten uns poderes moi especiais: é faquir, encanta serpes e mesmo camiña sobre as brasas. Aforra cartos para matricularse na escola de maxia, ilusionistas e faquires de Bombai, porque quere ser unha moi boa maga. Con esforzo e determinación vaine conseguir. Este álbum celebra a diversidade e reivindica a ilusión como motor necesario para que cada nena e neno atopen o seu lugar. As ilustracións, feitas con técnica mixta, a base de lápices de cores, acuarelas, collage, etcétera, son de Blanca G. Crespán.

Alvarells Cartonado
21,5 x 28 cm 36 páxinas
ISBN: 978-84-18567-24-7
En castelán, **La encantadora de serpientes**,
ISBN: 978-84-18567-25-4

15,20 €



Fernández & González

Verme

"Verme" é o nome que recibe este novidoso dispositivo mecánico capaz de cavar a terra,

limpala e fertilizala. Do seu funcionamento encárganse uns operarios vestidos de amarelo que protagonizan unha morea de aventuras. Este divertido libro interactivo sen palabras dos autores de *Balea* é ideal para estimular a agudeza visual e a creación de historias. En formato acordeón, ao despregalo transformase nun gran mural de dobre cara. O lector goza escutando a través do cento de xanelas que se abren sobre o casco deste novo sistema de transporte cara ao fondo da terra. Federico Fernández e Germán González retoman a idea dunha comunidade en movemento, en harmonía coa natureza e que fai da colaboración en igualdade unha forma de vida.

Kalandraka formato despregable con sobrecuberta

14 x 33,5 cm 20 páxinas
ISBN: 978-84-1343-118-5
15,20 €

Medra a colección "Quen son? Crías de animais"

3↑



Quen son? Crías de animais de América

ISBN: 978-84-19213-07-5

Quen son? Crías de animais de Australia

ISBN: 978-84-19213-09-9

Títulos anteriores:

Quen son? Crías de animais de África


ISBN: 978-84-16721-86-3

Quen son? Crías de animais de Europa

ISBN: 978-84-16721-84-9

"Quen son? Crías de animais" é unha colección de Kalandraka para inspirar a curiosidade pola fauna e o coidado da natureza dende as primeiras idades. Con textos sinxelos e científicamente rigorosos acompañados de suxestivas ilustracións, cada título permite coñecer sete crías dun continente en forma de adiviña. Aos primeiros volumes dedicados a Asia e Europa, súmanse dous novos títulos, *Quen son? Crías de animais de América* e *Quen son? Crías de animais de Australia*, que van completando esta proposta. Para a elaboración dos textos, dous biólogos docentes especialistas en educación ambiental –Isabel Pelayo e Xulio Gutiérrez– e dous mestres con ampla traxectoria na creación e tradución de textos didácticos e literarios –Pilar Martínez e Chema Heras– uniron a súa ampla experiencia e entusiasmo para realizar esta serie de libros de ciencia dirixida a primeiros lectores. Con ilustracións de Ester García.

Kalandraka Cartonado
22 x 22 cm 42 páxinas
14 € cada título



Manu Sobral

A Marela ou amarela?

Ten como obxectivo principal a concienciación e a dinamización de xeito transversal sobre o daltonismo a través da literatura infantil, para informar del en idades temperás. O libro está dividido en dúas partes ben diferenciadas pero comúns en canto ao contido. Por unha banda, conta a historia da becerraña Marela que percibe as cores de xeito diferente, como se desenvolve no seu día a día; por outra, incorpora unha unidade didáctica final ategada de información e actividades co fin de que os miúdos coñezan esta alteración.

Toxosoutos Rústica
15 x 21 cm 40 páxinas
ISBN: 978-84-124910-9-8
12 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €

CÓMIC



5↑

Ramón D. Veiga Miñoca e pega

Pode unha pega con malas intencións facerse amiga dunha apetitosa miñoca? Unha nova aventura de Miñoca que demostra, unha vez máis, que as diferenzas poden superarse, sobre todo se hai boa predisposición e comida polo medio. Ilustrado por Iván R.

Xerais Rústica 17 x 24 cm 56 páxinas

ISBN: 978-84-1110-090-8

12,95 €



6↑

O Hematocrítico Caderno de escrita divertida

Un caderno de escrita divertida pensado para os nenos, as nenas, os profes e as profas máis argalleiros. Escribir é imaxinar. Imaxinar é tamén divertirse. Para sacar o lapis e imaxinar: o restaurante máis noxento do mundo; un amigo robot; a peor película da vida; como entrevistar a un piollo, etcétera. Corenta exercicios.

Xerais Rústica 21 x 29 cm 64 páxinas

ISBN: 978-84-1110-106-6

12,95 €



7↑



Estefanía Padullés María Pita e o pirata

O que che se conta nestas páxinas pasou hai moitos anos, pero foi tan importante, que a súa protagonista, María Pita, segue a sero hoxe un exemplo do valor das mulleres. Esta aventura transporta a unha época na que o mar estaba cheo de piratas, pero non todos se saíron coa súa.

Hércules Cartonado

22 x 30 cm 40 páxinas

ISBN: 978-84-18966-54-5

14 €



Tomie dePaola Avoa de arriba e avoa de abaixo

Publicado por vez primeira en 1973, este álbum foi o primeiro que Tomie dePaola dedicou aos seus recordos infantís. Trátase dun relato autobiográfico de carácter interxeracional que achega a cuestións fundamentais da vida como o agarimo, a familia e a perda dos seres queridos. Nesta historia chea de tenrura preséntase a noción do paso do tempo dende dous planos, o cotián e o existencial, e introdúcese consecuentemente o tema da vellez: ese misterio que só se resolve cos anos. En tradución de Óscar e Sandra Senra.

Kalandraka Cartonado

21,5 x 28 cm 32 páxinas

ISBN: 978-84-1343-149-9

En castelán, **Abuela de arriba y abuela de abajo**, ISBN: 978-84-1343-150-5

15 €



7↑

Barbara Cantini Xoga e crea con Mortina

Unha proposta para unirse ao mundo de Mortina, aprender a vestirse e disfrazarse coma ela; para converterse en anfitrión zombi e poder contar chistes arrepiaantes. Tamén aprende como tallar unha cabaza, decorar o cuarto e invitar a amigos e amigas. Así, en canto ouve o timbre... a festa do medo poderá comezar! Tradución de Marta Gómez Pato e Manuel González González.

Hércules Cartonado

18 x 24 cm 64 páxinas

ISBN: 978-84-18966-49-1

14,50 €



8↑

Lino Braxe e María Braxe Sidi, unha viaxe cara á vida

Dende un remoto lugar situado entre dous mundos, Sidi –rapaz espelido e soñador– emprende unha viaxe física e emocional que cambiará para sempre a súa vida e a de Raúl, o seu cariñoso pai acoledor.

Hércules Cartonado

14 x 21 cm 32 páxinas

ISBN: 978-84-18966-30-9

En castelán, **Sidi, un viaje hacia la vida**,

ISBN: 978-84-18966-29-3

11,90 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €



6↑

O Hematocrítico Misión princesa

A mellor e máis implacable axente da Policía, a axente Riciños, regresa para resolver un misterio que mantén en tensión a todos os habitantes da Fraga. Alguén está secuestrando as princesas sen deixar nin rastro. Só hai unha opción para resolver o caso, que Riciños faga coma quen que é unha delas. Algo que, coñecendo, non será nada doado... Tranquilas, princesas, a axente Riciños regresa para salvarvos. Con ilustracións de Mar Villar e tradución de Anaí Rodríguez.

Xerais Cartonado

16,20 x 25 cm 72 páxinas

ISBN: 978-84-1110-108-0

12,95 €



7↑

Eduard Velasco Animalario de ler a diario

Esta noite hai foliada no souto e os animais convidánnos a bailar con eles e a descubrir como viven polo ar, pola terra e polo mar. A vacaloura, o morcego, o corrobolás ou o caranguexo tateo farannos rir e emocionarannos, e tamén farán que xoguemos cos poemas deste divertidísimo animalario de ler a diario, con bicharía da noite e do día. Os debuxos son de Nuria Díaz.

Xerais Rústica

13,5 x 19 cm 96 páxinas

ISBN: 978-84-1110-110-3

11,95 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €

CÓMIC



Fon

Cósmico, o bombeiro galáctico

Cósmico é un bombeiro galáctico que só pensa nas medallas que gañará apagando incendios. Comprenderá a verdadeira importancia de loitar contra o lume?

Xerais Rústica
17 x 24 cm 64 páxinas
ISBN: 978-84-1110-121-9
12,95 €

Mónica Rodríguez



PREMIO EDEBÉ
DE LITERATURA
INFANTIL 2022

Rei

Durante o duro inverno, nunha cidade do norte, un neno foxe da súa casa a causa do maltrato do seu padrasto. Atopa acubillo debaixo dun tubo, preto das vías do tren e do descampado que conduce ao bosque. Ninguén parece ter mágoa del ata que uns ollos o miran con detemento e tenrura. Tamén con autoridade. Eses ollos pertencen a unha cadela sen dono. O neno terá que aprender a sobrevivir cabo dela e da manda de cans que lidera. Aínda que a súa presenza non será aceptada de bo grado por todos eles. Novela realista que explora o tema dos nenos da rúa, inspirada na historia real dun neno ruso que se criou cunha manda de cans. Con debuxos de Ángel Trigo.

Rodeira Rústica 13 x 19,5 cm 168 páxinas

ISBN: 978-84-8349-732-6

9,90 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €



Antonio García Teijeiro

Que demo de monicreque!

Ilustrado por Xosé Cobas, este libro fala da maxia de crear. As súas páxinas explican como cando todo semella negro pode chegar a saír a luz. Antonio García Teijeiro e Xosé Cobas argallan un relato de palabras e de cor para deixar sorprenderse.

Galaxia Rústica
13,5 x 24,5 cm 76 páxinas
ISBN: 978-84-9151-835-8
14,50 €



Xosé A. Neira Cruz

Por mor de cinco pizzas aos catro queixos

Uns días antes do Nadal, Piero desapareceu. Estaba a papar a última das cinco pizzas que apostara comer de golpe, cando a súa barriga fixo pufff e se lle pecharon os ollos. Desde ese momento, correu a voz de alarma en toda a Comunidade. Só a súa curmá Bárbara e tío Ted sabían que aquela desaparición non fora de todo casual. Con ilustracións de Víctor Rivas.

Galaxia Rústica
13 x 20 cm 182 páxinas
ISBN: 978-84-9151-848-8
14 €




Marilar Aleixandre

Nogard

«Nogard era un dragón que tiña todo do revés e, no canto de lume, botaba auga pola boca...» Cando Celia comeza a inventar esta historia para os seus sobriños non sabe como acabará. Tampouco sabe que ela mesma se verá arrastrada pola irmandade dos ratos a desafiar o Papapalabras, o monstro que devora palabras, na procura da chave do gardaestrelas. Unha aventura no país de Milmontes que pon a proba a afouteza de Celia e a súa capacidade para termar das palabras fronte aos monstros, que queren facelas desaparecer. As ilustracións son de Enjamio.

Xerais Rústica
13 x 20 cm 144 páxinas
ISBN: 978-84-1110-141-7
12,95 €



Miquel Obiols

Edadrebil. 7 contos e 1 espello

Publicado orixinalmente en 1980, é un canto á liberdade creativa e unha excelente maneira de iniciarse nunha literatura que se le e se xoga.

Sete viaxes a través da fantasía que convidan á participación e estimulan a imaxinación e a intelixencia de lectoras e lectores. Un can que se namora da lúa e non sabe ladrar, un home do saco sen nenos a quen asustar e unha familia que viaxa por unha autoestrada do tempo son algúns dos protagonistas destes relatos tan divertidos como transgresores e surrealistas que renovaron a narrativa infantil e xuvenil, e que seguen considerándose insólitos e atraentes hoxe en día. O volume péchase cunha historia que só pode descifrarse grazas ao espello que acompaña o libro. As vangardistas ilustracións de Miguel Calatayud son o complemento ideal, pola súa dimensión simbólica e o seu peculiar xogo xeométrico e cromático, paralelo ao literario. Esta obra é considerada na LIX como unha das 100 mellores do século XX. Traducida por Alberto Sotelo.

Kalandraka Cartonado
15 x 23,5 cm 118 páxinas
ISBN: 978-84-1343-143-7

En castelán, **Datrebil. 7 cuentos y 1 espejo**,
ISBN: 978-84-1343-144-4
15,20 €




Héctor Cajaraville

Xestas Olímpicas. Escolma de relatos heroicos no mundo do deporte

Desde que en 1896 se celebraron as primeiras olimpíadas modernas, podemos atopar en todas elas historias de a cabalo entre a realidade e a lenda, fazañas prodixiosas que elevan a quen as protagonizaron á categoría de heroes e heroínas con letras maiúsculas, polos logros acadados ou porque as súas proezas abrían camiños antes inconcibibles. O elemento en común dos relatos que conforman estas Xestas olímpicas é o esforzo, ás veces sobrehumano, por superar unha marca, unha altura, unha distancia... pero sobre todo por superarse a si mesmos e a si mesmas. E por servir de inspiración e estímulo á xente nova que encontra no deporte o seu divertimento, a súa afección, a súa paixón ou, por que non, o seu modo de vida. As ilustracións son de Antonio Seijas.

Xerais Rústica
14 x 20 cm 112 páxinas
ISBN: 978-84-1110-124-0
12,50 €



10↑

Felix Salten**Bambi. Unha vida na fraga**

Felix Salten é o pseudónimo de Sigmund Salzman, escritor e xornalista que escribiu numerosas novelas e pezas teatrais, aínda que é máis coñecido polas súas historias de animais, entre as que destaca *Bambi, unha vida no bosque*, que lle deu a fama. Pero ese éxito non chegaría ata tres anos antes da súa morte, coa película animada de Walt Disney na que versiona a súa novela. Este clásico escrito en 1923 é unha chamada aos valores que deben rexer a vida e o respecto polos demais.

Galaxia Rústica 17 x 24 cm 212 páxinas

ISBN: 978-84-9151-826-6

22,80 €



10↑

Xoán Babarro**Carliños, capitán!**

O protagonista é un neno teimudo que devece polos animais. Tamén lle gusta colocar os nomes por orde alfabética, afección que lle custará algunha que outra chamada de atención da profesora. No relato aparecen tamén unha avoa detective, un locutor famoso e unha banda de traficantes. Ilustrado por Lidia Nokonoko.

Galaxia Rústica 13 x 20 cm 182 páxinas

ISBN: 978-84-9151-833-4

12,75 €



12↑


Frances Hodgson Burnett**O xardín secreto**

Mary Lennox é unha rapaza de nove anos que vive na India. Tras a morte dos seus pais, vese obrigada a mudarse á imponente mansión do seu tío en Yorkshire, Inglaterra. Anté tantos cambios, atopa refuxio no máxico e misterioso xardín do seu novo fogar, un lugar seguro no que buscar sanación. Máis dun século despois, as aventuras de *O xardín secreto* creadas pola autora británica Frances Hodgson Burnett continúan engaiolando a lectores de todas as idades. Tradución e notas de Moisés Barcia.

Sushi Rústica 16 x 23 cm 260 páxinas

ISBN: 978-84-16884-56-8

20,90 €



10↑

Bea Gregores**As mulleres que cultivaban néboas**

Mamá é unha muller forte. Papá é un home estraño. Cando chega, todo se tingue dunha mancha escura, e da súa boca saen palabras que se cravan coma frechas no meu peito.

Xerais Cartonado

19,50 x 26,60 cm 48 páxinas

ISBN: 978-84-1110-109-7

15,50 €



10↑

Adrián Morgade**Xinfu: Múxel Attacks**

Un exército baixo a auga? É que se volveu tolo o autor? Xinfu e Wini regresan, desta vez coa responsabilidade de salvar a súa cidade dunha misteriosa ameaza. Coma se dunha lenda da antiga China se tratase, esta nova aventura conta tamén a viaxe do heroe e as consecuencias que debe afrontar cando protexe os demais.

Xerais Rústica

17 x 24 cm 64 páxinas

ISBN: 978-84-9121-608-7

12,95 €



Á VENDA EN AGOSTO

10↑

Lewis Carroll**A caza do Tiburente**


Publicado por vez primeira en 1876, este poema presenta con humor infinito a viaxe imposible dunha tripulación improbable para achar unha criatura inconcibible. Unha peza mestra do nonsense cun texto enxeñoso, cheo de termos inventados, no que o épico e o misterioso se mesturan co caótico e o deliciosamente absurdo. Unha excelente tradución de Alberto Ruiz de Samaniego e Xabier Meilán dunha obra pouco coñecida do gran Lewis Carroll, ilustrada por Óscar Villán, que fala da transcendencia de perseguir os sonhos, aínda que parezan imposibles.

Kalandraka Cartonado

15 x 23 cm 64 páxinas

ISBN: 978-84-19213-13-6

14 €



12↑

Beatriz Maceda**As Sentinelas do Silencio**

Iria ten que deixar a cidade onde vive, as súas amigas, o colexio, a praia das tardes do verán..., para mudarse cos seus pais ao campo, a un lugar chamado Malvela. Ali a súa vida semella perder todo o sentido. Mais, pouco a pouco, irá coñecendo unha comunidade de persoas especiais que, dotadas de cadanseu don, van ensinalle outra maneira de estar no mundo, moito máis consciente. Todas elas teñen en común unha curiosa característica: calzan un zapato de distinta cor en cada pé. Iria descubrirá que ese distintivo é o que identifica os membros dunha sociedade creada en Malvela: «As Sentinelas do Silencio».

Xerais Rústica

13,5 x 19 cm 192 páxinas

ISBN: 978-84-1110-134-9

11,95 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €

Pedro Ramos



PREMIO EDEBÉ
DE LITERATURA
XUVENIL 2022



Un ewok no xardín

Zoe, preocupada pola actitude de David, o seu irmán pequeno, escribelle correos electrónicos para tentar sacalo do buraco de escuridade no que está afundido. A David, de dezaseis anos, cústalle atopar motivos para seguir vivindo. Durante un día enteiro, o encontro cun home que se describe como tolo, que cre que ten un ewok no xardín, levarao por camiños inesperados. O tema central é o suicidio. A través de Zoe, o autor tamén fai unha denuncia social sobre a situación dos mozos, que teñen que abandonar as súas casas para ter un soldo digno.


Rodeira Rústica

13 x 20,5 cm 124 páxinas

ISBN: 978-84-8349-730-2

10,95 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €



Xulio López Valcárcel Amiga Zura

Con debuxos interiores en cor da ilustradora Tania Arufe. O libro rematouse de imprimir na primavera de 2022, coincidindo coa promulgación da Lei que recolle, protexe e ampara o sentimento dos animais non humanos. En cada capítulo cóntase a historia de Zura, unha cadeliña cuxas aventuras acompañan á familia, da que forma parte. Todo dende un punto de vista lúdico e cheo de momentos divertidos e tenros.

Medulia Cartonado

17,6 x 25 cm 110 páxinas

ISBN: 978-84-125253-4-2

18,90 €



Xosé A. Perozo Historia do vampiro que perdeu os cabeiros


Que lle sucede a un vampiro se perde os cabelos? Xusto iso que pensas foi o que lle aconteceu a Piro por ser despistado. Daquela tivo que vivir unha perigosa e divertida aventura para atopalos. Con ilustracións de Lucía Cobo.

Galaxia Cartonado

24 x 21 cm 44 páxinas

ISBN: 978-84-9151-840-2

15,20 €



Ana Vigo Erica

Erica e seu pai chegan á vila da Dormecida tras unha vida de continuas mudanzas. Cansa de ter que facer amigos que perderá invariablemente ao pouco tempo, rexeita intentalo de novo, mais os nenos do lugar insisten en levala á "mansión". Neste lugar fantástico descubrirá que existe un mundo paralelo, Morfeonia, habitado por espíritos, dende o que estes soños se poden traer á Realidade.

Galaxia Rústica

13,5 x 21 cm 142 páxinas

ISBN: 978-84-9151-851-8

14,15 €



Davide Morosinotto A cegadora luz de dúas estrelas vermellas

Leningrado, 1941. Os xemelgos Viktor e Nadia teñen doce anos cando a Alemaña de Hitler lle declara a guerra á Unión Soviética. En poucos días todos os nenos da cidade son evacuados en trens especiais para poñelos a salvo do avance inimigo. Porén, Viktor e Nadia acaban por erro en trens distintos, e pérdense a pista o un ó outro. Ambos comezan a escribir nos seus cadernos o que sucede a medida que avanza o inimigo: o xélido inverno, a fame, as bombas... pero tamén a calor da amizade e a forza da esperanza. Mentres Nadia se ve defendendo unha posición clave para a resistencia soviética, Viktor atravesará a pé boa parte do territorio ruso, afrontando todo tipo de perigos. Co asedio de Leningrado como fondo, a Grande Historia entrelázase coa destes rapaces, decididos a reencontrarse e a salvar a súa cidade. Traducido por Moisés Barcia.

Sushi Rústica

14 x 21 cm 432 páxinas

ISBN: 978-84-16884-55-1

18,90 €



Anxo Fariña Os Megatoxos e o reto de Internet

Ultimamente en Internet non se fala doutra cousa. Toda a xente está pegada aos ordenadores, ás tabletas, aos móbiles. Mais aos Megatoxos semella que non lles afecta ese reto que inunda as redes. Con todo, a quen non lle gustaría poder facer realidade os seus soños? Ter un aspecto diferente cada día, poder voar, facer novos amigos por todo o mundo, vivir onde se queira, experimentar emocionantes aventuras e gañar sempre... Non todo é o que parece e, ás veces, o perigo que poida axexar en Internet vólvese moi real.

Xerais Rústica

14 x 21 cm 192 páxinas

ISBN: 978-84-1110-123-3

13,95 €

Paula Carballeira



Trece avisos. Contos para ler pola noite

O medo avisa cando chega. Un sopro de aire frío. Un arrepío polas costas. Un corazón que latexa. Algo que non vemos, pero sabemos que está. Algo que sentimos, ou que presentimos. Estes contos son para ler de noite, mais hai que atreverse. Con ilustracións de Iria Fafián.

Xerais Rústica
13 x 20 cm 144 páxinas
ISBN: 978-84-1110-122-6
12,95 €



Eva Mejuto

Foto: Gustavo Santos



A ladroa da biblioteca de Meirás

O prohibido era excitante e aterrador ao tempo. O perigo de ser vista, o medo de que desen con ela, formaba parte dun xogo ao que Mariña estaba prendida. Coábase na mellor biblioteca do mundo, co universo enteiro para ela arrombado nos andeis. Ata que non puidese saír da aldea, ese era, sen dúbida, o único paraíso posible. Ás veces a felicidade era tal que esquecía onde estaba e o perigo que corría. Facía mal en coller «prestados» os libros? Á familia roubáranlle a casa para facer a residencia de verán do Xeneralísimo, así que estaba no seu dereito. E ese verán pasarían tantas cousas que todo cambiaría de vez na vida de Mariña, no Pazo de Meirás e, talvez, no país enteiro...

Xerais Rústica
13 x 21 cm 152 páxinas
ISBN: 978-84-1110-105-9
12,95 €



TEATRO



Edgar Costas Casa de ferás

Fábula actual que aborda o maltrato animal, as relacións de poder e a liberdade. Animais engalolados en reixas de ferro e humanos encadeados a prexuízos férreos buscan unha liberdade pola que hai que pagar un prezo alto. O autor bota man dun humor cheo de ironía para abordar os conflitos que xorden nun ambiente hostil.

Galaxia Rústica 13,5 x 21 cm 68 páxinas
ISBN: 978-84-9151-804-4
9,20 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €

IV CERTAME DE TEXTOS
TEATRAIS ROBERTO
VIDAL BOLAÑO 2021



VV AA Tes cinco minutos 2

Libro que recolle os textos das escritoras e escritores que participaron na segunda edición da Escola de Letras da Deputación de Pontevedra e Editorial Galaxia.

Galaxia Rústica 13,5 x 21 cm 92 páxinas
ISBN: 978-84-9151-839-6
13 €



Fran Fernández Davila O bosque do duque. 's-Hertogenbosch

Novela de aventura e fantasía ambientada na cidade de 's-Hertogenbosch para todas as idades, influída por historias como *Momo* e *Os Goonies*. Sabina é unha rapaza galega dos Países Baixos que bota de menos Galicia. O día no que cumpre dez anos recibe un agasallo misterioso que lle abre as portas a unha gran aventura.

Galaxia Rústica 13,5 x 21 cm 220 páxinas
ISBN: 978-84-9151-806-8
13,40 €

Ánxeles Penas



Triptico ártabro

“O libro *Triptico ártabro*, de Ánxeles Penas, resulta paradigmático do seu mundo poético. Tanto na súa escrita como nos seus contidos, cristaliza numerosas claves da súa poética. Está estruturado en tres partes, “Territorio”, “Os anais do vento” e “Galicia, meu señor”, aínda que as sinerxías temáticas, expresivas e formais entre as tres son constantes, producindo unha viva sensación de coherencia e unidade. O título remite ao *Portus magnus artabrorum* de Estrabón, Pomponio Mela e Plinio, coñecido entre nós como Porto dos Ártabros: o espazo que, co seu núcleo na cidade da Coruña e na Torre de Hércules, abrangue un amplo arco natural que vai desde as terras e os cabos ferroláns até as Illas Sisargas e o inicio da Costa da Morte. Un espazo integrado polas rías da Coruña, Betanzos, Ares e Ferrol, desde o que se atalaian fermosas e amplas panorámicas do Atlántico”. Texto de Xavier Seoane para a edición.

Laiovento Rústica 14 x 21 cm 86 páxinas
 ISBN: 978-84-8487-567-3
 10 €



Xesús Afonso Parada Jato Stella matutina

Este “Hesíodo courelao” do século XXI iniciou a súa prolífica produción lírica tras o pasamento do seu pai. Xesús Afonso Parada é un amante da liberdade que lle proporciona a poesía e da beleza dos tesos cumes do seu Courel natal: Reserva da Biosfera da UNESCO e un dos tramos cara á cidade do Apóstolo, o “Campo da estrela”. Este “obreiro das palabras” recrea unha peregrinación, de ida e volta, de 49 días, cun abano de emocións punzantes, dende a aldea leonesa de Arborbuena, como punto de partida, até Santiago de Compostela.

Toxosoutos Rústica
 13 x 20 cm 64 páxinas
 ISBN: 978-84-124910-5-0
 12 €
 Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €

Yolanda Castaño



Materia

Legados, relacións e ata proxeccións familiares: velaí a materia da que estamos feitas. Tanto na súa líquida versión capaz de humectar as raíces antepasadas, coma na solidez do que hoxe nos conforma mesmo se só asoma unha parte, ata a volatilidade gasosa dun futuro familiar. Dende a memoria histórica aos claroscuros da renuncia á maternidade trátanse nesta poderosa proposta poética de Yolanda Castaño na que cada estado da materia se expresa nun propio ton.

Xerais Rústica 14,5 x 22 cm 72 páxinas
 ISBN: 978-84-1110-137-0
 12,95 €

María Besteiros



A lista da compra

“A maternidade dos fillos vivos e da filla morta, a incomunicación, a vida illada nun rural organizado dende os despachos, a demanda continua dun corpo que deixou de pertencerme. Un perpetuo cuestionamento da identidade. Un eu delimitado polos outros. Nin público nin privado. Un corpo compartido como tránsito e fronteira. Onde quedo eu? Como me defino sen poder escribir nin ler, día tras día, máis que listas da compra?”

Galaxia Rústica 12,5 x 22 cm 70 páxinas
 ISBN: 978-84-9151-825-9
 10,60 €
 Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €

EDICIÓN FACSIMILAR



Adrián Rodríguez Rancaño Breve caderno adolescente

“Como o seu nome indica, este é un breve caderno adolescente. É o meu caderno, o cal existe de verdade, agochado nunha gabeta do meu dormitorio. Un caderno que naceu como elemento publicitario dunha coñecida marca de refrescos e que tratei de converter en algo máis. É o caderno dun rapaz que o comezou a utilizar na puberdade e que, a día de hoxe, o segue a nutrir cando a vida decide que é de recibo. Este libro recolle parte do traballo que agochan esas follas. Aquí están os poemas de alguén que reflexa en versos o seu paso cara á madurez, a través da intimidade e da crítica. Son as preocupacións de quen comeza a ser consciente do mundo no que vive e que termina por asentarse nel. Eis, o meu breve caderno”.

Toxosoutos Rústica
 11,5 x 16,5 cm 64 páxinas
 ISBN: 978-84-125393-0-1
 10 €
 Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €



Rosalía Castro de Murguía En las orillas del Sar

Volume que reproduce en edición facsimilar o derradeiro libro de Rosalía de Castro, publicado orixinalmente en Madrid en 1884, e incorpora un limiar da especialista María do Cebreiro Rábade Villar. “A autora escoita e traduce a voz da natureza á linguaxe humana”, afirma María do Cebreiro. Rosalía de Castro é unha das primeiras poetas ecoloxistas de Europa. Nos versos de «Los robles» ou «Jamás lo olvidaré...!» álzase rotunda na defensa da natureza e dun bosque, o do histórico e revolucionario Banquete de Conxo celebrado ao sur de Santiago en 1856.

Alvarcellos Rústica
 14,5 x 21,5 cm 184 páxinas
 ISBN: 978-84-18567-20-9
 17,57 €

PREMIO DA CRÍTICA
ESPAÑOLA 2011

Olga Novo **Cráter**

Nova edición, revisada e ampliada cun poema inédito. *Cráter* é, xa que logo, a asistencia ao laio polos rescaldos dun lume tribal e, asemade, á celebración das emanacións ingobernables das lapas da vida. E chega na voz dunha deusa campesina con xurisdición no territorio bañado polo río Saa. E proclama: «Vilarmao, sempre!». A ilustración da portada é de Pilar Cancio.


Faktoría K de Libros Rústica
14,5 x 21 cm 216 páxinas
ISBN: 978-84-16721-99-3
15 €



Olga Patiño e Isabel Pintado **Amaterasu**

Os poemas breves de Olga Patiño e as ilustracións de Isabel Pintado conforman "Amaterasu" (deusa do sol), unha obra na que se reafirma a identidade de cada unha das creadoras e na que versos e imaxes transitan en total complicidade. "Neste libro tentamos percorrer conxuntamente un espazo lírico, entaboa un diálogo cómplice para respirar o mundo. Facémolo, por medio desa identidade poética que se revela entre a poesía e a palabra, a poesía e a pintura", din as autoras.

Arenas Rústica
18 x 18 cm 92 páxinas
ISBN: 978-84-124929-2-7
16,15 €



Ramón Caride Ogando **A chuva integral**

"Os textos aquí reunidos, se cadra derivados da nostalxia insensata pola chuva que aínda non choveu, actúan como guías sonoras nalgũa estrada secundaria que conduce a unha visión atípica, paradoxal e contraditoria do mundo. Ou non -xa se sabe que deus é bo, e que o demo ten contratos por obra-, recollendo unha ducia de anos e algúns centos de aforismos, epigramas, ditos dos vellos, haikus, metáforas nugas, micropoemas, anaforismos ou insólitos etcéteras; acaso pasadoiros de verbas irtas para tentarmos atravesar enxoitos, quen dera, a enchenta cotiá de ludre". Texto do autor.

Medulia Rústica
14 x 21 cm 66 páxinas
ISBN: 978-84-125253-7-3
11,90 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €



Brenda Mondelo **O espello de Celia**

"Poemario feito de evocación de tempos que se xustapoñen eternamente, de fidelidade á terra a través da lembranza dos seus, desde a soidade do agradecemento. Evocación a partir dos obxectos e das experiencias, en diálogo coa intimidade máis sincera." Extracto do prólogo de M^a Teresa Rodríguez Pol.

Medulia Rústica
14 x 21 cm 50 páxinas
ISBN: 978-84-125253-1-1
11,90 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €

PREMIO DE POESÍA
XOSÉ MANUEL
LÓPEZ ARDEIRO

Néstor Bacelar Domínguez **Como galgos incensantes**

Poemario que parte da derrota, das ringleiras do desemprego, da falta de oportunidades, onde a poesía emerxe ansiosa como un axuste de contas contra a inxustiza e a desigualdade. Dende unha perspectiva de clase, dandista, chea de reminiscencias pop e, en ocasións, noctívaga, galopa feroz e directa como a redención dos que non se axeonllan, empunhando a poesía como arma liberadora. E alí, baixo os lastros do aparente pesimismo dos seus versos, atópanse os alicerces da esperanza.

Medulia Rústica
14 x 21 cm 54 páxinas
ISBN: 978-84-125253-2-8
11,90 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €



Branca Vilela Fernández **Pesadelo da creación**

"A poesía de Pesadelo da creación é, dito doutro xeito, un axuste de contas coa substantividade, coa figuración material da experiencia. Fálanos a poeta das "palabras/ dunha nena/ enterrada/ na melancolía", e, a seguir, recoñece que "Rosalia entra en min/ cun ronsel de crezas". E dende ese ser "rosaliano" -conexión e ruptura- nace a poesía de Branca Vilela para ser "unha praia de espellos", "paixón da primeira consoante aberta", "tulipán acibeche", "sombras chinesas do son" ou "a contracción/ cervical do instante". A poeta recoñécese ela mesma na acción poética, na progresión dos seus versos: o "ventre comezou a procrear alexandrinos" e "o refluxo da alegoría/ resoa nas entrañas". Extracto do prólogo de Miguel Anxo Fernán Vello.

Medulia Rústica
14 x 21 cm 46 páxinas
ISBN: 978-84-125532-8-4
11,90 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €



Andrés Cernadas Ramos **Cando a choiva xa non molla. Haikus contra a violencia de xénero**

"Cando a choiva xa non molla que re denuncia a violencia machista e outras situacións de abuso contra as mulleres por parte dos homes, e desa sociedade que llo permite, pero non só. Porque é tamén un libro de haikus. Non ao uso, claro, pois atopamos nel poemas que son haikus na forma, pero non exactamente no ambiente nin no contido. Malia iso, a forma do breve poema oriental permítelle ao autor escribir pequenos berros, consignas bañadas de dor que poden estar dirixidas ás mulleres para alentálas a camiñar fóra da escuridade do maltrato ou, noutras non moi numerosas ocasións, pretenden ser navalladas que fagan aos homes poñerse no lugar das mulleres". Texto do prólogo de María Lado.

Medulia Rústica
14 x 21 cm 82 páxinas
ISBN: 978-84-125253-8-0
11,90 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €



Ainhoa Conde **Devotos do destino**

Obra que representa unha amálgama de narrativa lírica, música, navegación, metafísica, reflexión interna e sentimentos por Galicia e mailo océano, cun ritmo áxil coma a viaxe dunhas ondas cara á praia, e profundidade coma o intervalo entre mareas. Os fragmentos, baseados practicamente na súa totalidade, en vivencias persoais da autora, reflicten 66 historias de amor e desalento, loita, sacrificio, ledicia e morriña. Preséntanse en forma de cancións que marcaron a traxectoria da escritora dende o ano 2017 ata a actualidade, adoptando a disposición dunha melodía infinita que compón a banda sonora do seu andar.

Medulia Rústica
14 x 21 cm 122 páxinas
ISBN: 978-84-125253-9-7
14,90 €



Rafa Vilar González **Furtivas**

Furtivas componse de 69 textos poéticos breves e un poema final, que teñen o desexo e a pulsión amorosa como motivo central. En realidade é único poema que se vai escribindo verso a verso, ao longo de todo o libro. Trátase dunha poesía concisa, ás veces gozosa e outras esgazada, que fala do amor e a tenrura desde as marxes. Un diálogo poético entre mulleres que celebran a vida en toda a súa extensión, malia o implacábel paso do tempo e as cicatrices que deixa a propia existencia. Poemas de expresión case minimalista que, cadenciosamente, van explorando a pel común e a sede partillada dos corpos que se desexan e se queren, no rumor silencioso da noite.

Medulia Rústica
14 x 21 cm 48 páxinas
ISBN: 978-84-125253-0-4
11,90 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €



Abraham Pérez

O corpo transparente das horas

O autor volve ao proceso de investigación artística aberto con *Fragmento/Creba*. A preocupación ontolóxica segue a ser o elemento que articula a voz poética, mais nesta obra hai un xiro na composición do texto, procurando unha resignificación conceptual e lírica.

Galaxia Rústica
12,5 × 22 cm 136 páxinas
ISBN: 978-84-9151-807-5
14,90 €



Lino Braxe

Poemas guardados

A presente edición bilingüe rescata *El Deshielo* escrito en castelán para a súa publicación en La Habana no ano 2008 e posteriormente traducido a galego polo autor, e recompila os poemas de Italia e Buenos Aires escritos orixinariamente en lingua vernácula. A versión en castelán de *A lámpada do xenio*, *Poema e Terceto habaneiro para Hemingway* dos poemas de Cuba, así como os textos que integran *A rosa branca*, *A agonía da cruz de ferro* e *No corazón da tristeza*, corresponden á editora literaria Alexandrina F. Otero. O título *Poemas guardados* evoca as palabras de Lino Braxe expresadas en resposta a cuestións relativas á edición dos seus libros na entrevista publicada no “Correo Gallego” o 16 de agosto de 2005.

Medulia Rústica
14 × 21 cm 164 páxinas
ISBN: 978-84-125532-6-0
14,90 €



Manuel Pombo Arias

A miña terra é un vello falar

Manuel Pombo recolle neste volume a súa creación recente, unha “poesía experimental” e “irracional”, na busca de novas formas de se expresar. É un poemario onde se amorean os soños da infancia, que e se xuntan con outras reflexións da madurez ata chegar máis aló no tempo.

Galaxia Rústica
12,5 × 21 cm 140 páxinas
ISBN: 978-84-9151-844-0
15,20 €




Santiago del Moral

Da man do silencio

Da man do silencio é unha ponte que cruza o poeta dende o silencio do seu interior máis íntimo ao exterior que o rodea. Unha viaxe onde o silencio que fala dende tódalas súas manifestacións: o da casa, o do mar, o do bosque, o da soidade e o da escuridade da noite. “Cada vez que escoitei o silencio escribín para este libro”, di o poeta.

Medulia Rústica
14 × 21 cm 116 páxinas
ISBN: 978-84-125532-2-2
14,90 €




Manuel García Barros

Sonoridade das auras. Poesía reunida

Recompilación de Carlos Loureiro Rodríguez e Xesús Domínguez Dono que permite obter unha visión de conxunto da obra poética de García Barros. Máis coñecido como narrador e xornalista, na lírica do autor de Berres hai pezas moi rítmicas, con omnipresencia da natureza, un verdadeiro hilozoísmo, e cunha variada galería de temáticas que van das composicións de circunstancias e festivas, ata as amorosas, sobre a morte, a identificación coa Terra e a loita pola dignidade dos labregos, sen esquecer o seu lado combativo contra o caciquismo e as diferenzas sociais.

Galaxia Rústica
13,5 × 19 cm 218 páxinas
ISBN: 978-84-9151-847-1
15,20 €




Francisco Rivas Domínguez

Romance de Don Dinís e Dona Helena

Romance sobre dous paxariños namorados, acompañados de ilustracións de M. Manxela. A paisaxe, e o amor polos animais e a natureza, fan que estes poemas teñan o delicado aroma da literatura oriental.

Medulia Rústica
14 × 21 cm 62 páxinas
ISBN: 978-84-125532-0-8
14,90 €



Adela Figueroa Panisse

Matria. Poesía para a Terra

“Este libro é o resultado de anos de observación e de reflexión sobre a natureza. Mais concretamente sobre a Terra noso maravilhoso Planeta. Lar da vida que coñecemos: complexa, extensa e fascinante. Como bióloga, namorei perdidamente da vida. E de todos seus atributos. Trabalei nas orixens da vida por varios anos e descubri que minha paixón tinha razón de ser certa. Porque a vida transformou a Terra desde sua aparición sobre ela. E a vida transmite-se através dos tempos da Terra, viajando com ela polo espaço infinito”.

Medulia Rústica
14 × 21 cm 80 páxinas
ISBN: 978-84-125532-3-9
11,90 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €




Javier García García

A voz do invisível

“Esta recompilación de versos, sílabas, verbas, paisaxes, obxectos, seres e vivencias nace da necesidade de darlle saída a canta vida levo dentro axudando a romper o escudo, a armadura e a estética onde me refuxio para non mostrala”, di o autor.

Medulia Rústica
14 × 21 cm 56 páxinas
ISBN: 978-84-125532-5-3
14,90 €



Beatriz Pin Díaz


Río adentro

A poeta reflexiona sobre a vida que transcorre, botando man da súa experiencia persoal para falar sobre as inquietudes esenciais do ser humano. A vida enche as páxinas, verso a verso, pulso a pulso, con tempo para reparar nas pequenas cousas, no estilo do franciscanismo de Noriega Varela, coma a vella porta da casa, “medio esquecida, medio morta” ou a herdanza da sabedoría dos pais que se agocha en como trenzar unha restra de cebolas. Ou nos acontecementos que enchen a casa e a alma, velaí a chegada de Minia e Navia, a vida que flúe coma un agasallo que vén encher os ollos de futuro.

Medulia Rústica
14 × 21 cm 114 páxinas
ISBN: 978-84-125532-7-7
14,90 €

Florencio Delgado Gurriarán


Seguiron a publicarse novas obras que achegan a vida e a obra de Florencio Delgado Gurriarán (Córgomo, Vilamartín de Valdeorras, 1903-Fair Oaks, California, 1987) arredor da celebración do Día Das Letras Galegas. A Real Academia Galega decidira dedicarlle neste ano 2022 a festa grande da lingua pola calidade e orixinalidade da súa obra e o seu compromiso coa causa da liberdade, a democracia e a identidade galega. Destacado poeta, tamén articulista, crítico literario, coordinador editorial, lexicógrafo, tradutor, corrector...



Florencio Delgado Gurriarán Antoloxía poética

Edición ao cargo de Débora Álvarez Moldes e Margarida Pizcueta Barreiro que pretende ofrecer unha mostra representativa e ordenada cronoloxicamente a través de libros publicados e algunhas composicións dispersas.

Galaxia Rústica
13,5 × 19 cm 160 páxinas
ISBN: 978-84-9151-805-1
15,20 €



Florencio Delgado Gurriarán Bebedeira

Publicado en 1934 na editorial Nós, recolle trinta e dous poemas dos que algúns deles xa viran a luz en revistas e xornais. As árbores, as plantas e a paisaxe adquiren características de personaxe central en poesías de corte sensorial evocadoras da cosmogonía valdeorresa.

Galaxia Rústica
13,5 × 19 cm 92 páxinas
ISBN: 978-84-9151-784-9
12,75 €



Florencio Delgado Gurriarán O soño do gueiro

En homenaxe ao seu amigo e compañeiro político Castelao, Delgado Gurriarán recolle nesta obra poemas de corte social e reivindicativo publicados durante a República, a guerra e o exilio. Indica que son: "a miña resposta a certos aconteceres deste século noso que xa anda nas encollas; son a expresión do meu reaxir de home galeguista, demócrata e liberal, amigo da España e da Galiza renascentes –amizades perfectamente compatíbeis– e adversario decidido das ditaduras dereitistas ou esquerdistas".

Galaxia Rústica
13,5 × 19 cm 92 páxinas
ISBN: 978-84-9151-786-3
15 €



Ricardo Gurriarán Florencio Delgado Gurriarán. Vida e obra dun poeta valdeorrés republicano e galeguista

Minucioso percorrido pola vida e obra dun valdeorrés moderno e cosmopolita cuxa incipiente carreira poética truncou a Guerra Civil e a mutilación das liberdades polas que tanto loitara: "Xoguei, perdín, calei e marchei". Esta obra foi editada por Edicións do Castro en 1999. A presente edición de Galaxia incorpora achegamentos críticos e eruditos posteriores á data da publicación inicial, así como un texto recente de Ricardo Gurriarán e un prólogo de Xesús Alonso Montero.

Galaxia Rústica
16 × 22 cm 412 páxinas
ISBN: 978-84-9151-782-5
24,22 €



Xesús Alonso Montero Poeta na terra, na guerra e no exilio. Antoloxía poética

Desde este traballo, Xesús Alonso Montero achega a nobre obra literaria e a biografía na terra, na guerra e no exilio de Florencio Delgado Gurriarán, moi condicionada por acontecementos adversos, diante dos que o poeta mantivo sempre ergueita a súa dignidade e o seu compromiso cos ideais que abrazara de mozo. Coa súa poética cantou a paisaxe e os froitos báquicos de Valdeorras, e desde a súa preocupación polo idioma tamén se debrozou sobre el para compoñer unha serie de sentidos poemas sociolingüísticos, insólitos no seu tempo, á vez que cultivou a sátira e os poemas exiliacos.

Galaxia Rústica
13,5 × 19 cm 308 páxinas
ISBN: 978-84-9151-790-0
18,90 €



Florencio Delgado Gurriarán Obra poética

Inserido nas coordenadas da vangarda enxebre, Delgado Gurriarán é autor dunha poesía, bastante descoñecida, que contén cantos xeóxicos, exaltacións dionisiacas e eróticas, mais que tamén participa da poesía de combate e denuncia social. Este volume inclúe *Bebedeira* (1934), *Galicia infinda* (1963), *Cantareñas* (1981) e *O soño do gueiro* (1986), así como un monilo de textos aparecidos en publicacións periódicas que confirman un autor que non só continúa o ronsel iniciado por Amado Carballo, senón que presenta variados estilos e temáticas. Esta rigorosa edición da súa obra poética, que recompila toda a produción lírica coñecida do autor valdeorrés, estivo ao coidado do profesor e crítico Xosé Ramón Pena, que leva a termo unha ampla e minuciosa análise da obra de Delgado Gurriarán, así como da fixación dos textos.

Xerais Rústica
14,5 × 22 cm 440 páxinas
ISBN: 978-84-1110-060-1
18,95 €



Miro Villar Vida e obra dun poeta no exilio mexicano

Un libro divulgativo, unha obra de urxencia sobre a vida e a obra de Florencio Delgado Gurriarán, o autor das Letras Galegas 2022, que ofrece a posibilidade de achegámonos á súa figura e labor desde este momento e de comezar a traballar o tema nos centros escolares cunha guía fiable. A súa foi unha traxectoria marcada polo compromiso antifranquista e republicano. Unha biografía ao servizo do galeguismo desde o exilio mexicano.

Xerais Rústica
13 × 20 cm 80 páxinas
ISBN: 978-84-1110-047-2
9,95 €

Á venda só en pedido por importe conxunto superior a 12 €



Héctor Cajaraville Florencio Delgado Gurriarán. Polos vieiros da saudade

Obra de carácter xuvenil, dónos a coñecer o autor valdeorrés que, coma moitos outros intelectuais galeguistas, viuse obrigado a coller o camiño do exilio en México tras o golpe de estado de 1936. Alí levou a cabo un intenso labor cultural. Algúns dos proxectos que encabezou tomaron forma de publicación periódica, como as revistas *Saudade* e *Vieiros*. Nunha época en que a cultura galega se desenvolveu con máis vigor fóra ca dentro das súas fronteiras naturais, persoeiros como el desempeñaron un papel fundamental para a súa supervivencia.

Xerais Rústica
13,5 × 19 cm 96 páxinas
ISBN: 978-84-1110-045-8
12,50 €



Lucía Gómez Álvarez Florencio Manuel Delgado Gurriarán. Un legado infindo

Publicado na colección "Lectura Fácil" que naceu coa idea de que todo o mundo poida ler. Válese de pictogramas que axudan a entender as historias e os poemas. A vida de Florencio Manuel Delgado Gurriarán, a quen se dedica o Día das Letras 2022, ao alcance de todas e de todos. Con ilustracións da autora.

Galaxia Cartonado
21 × 24 cm 36 páxinas
ISBN: 978-84-9151-745-0
15,20 €

Nicolas Dumontheuil

Naceu en 1967 e na actualidade vive en Bordeos. En 1993 publicou a súa primeira banda deseñada: L'Enclave. Dous anos despois causou sensación con Qui a tué l'idiot?, que recibiu o Premio do Festival de Sierre 95, así como o Alph-Art á mellor banda deseñada en Angulema e o Premio René Goscinny. En 2001 realizou a súa primeira colaboración cunha guionista, Eliane Angéli, para Le Singe et la sirène (Casterman). En 2007 fixo con Big foot a súa adaptación libre do Monstre des Hawklins de Richard Brautigan.

Nicolas Dumontheuil

O bosque dos raposos aforcados

Oiva Juntunen conseguiu fuxir co botín dun roubo mentres o seu cómplice cumpre condena. Cando este sae do cárcere, Oiva foxe ás recónditas paisaxes da Laponia finlandesa para non ter que compartir a súa riqueza. Alí coñece o comandante Remes, exmilitar alcohólico, e unha nonaxenaria fuxitiva, cos que vive unha serie de estrafalarias aventuras. Baseado na novela de Arto Paasilinna. A tradución do francés é de Sergio Gómez Blanco

Rinoceronte Rústica
21 x 26 cm 144 páxinas
ISBN: 978-84-17388-76-8
17,10 €




Hergé

As aventuras de Tintín. A Illa Negra

Nova tradución ao galego do sétimo álbum de Hergé coas aventuras de Tintín, por conta de Henrique Harguindeguy e Breixo Harguindeguy. A primeira edición en galego data de 1984; foi traducida por Valentín Arias López e editada por Juventud. A historia conta como o mozo xornalista belga Tintín e o seu can Milú viaxan a Inglaterra buscando unha banda de falsificadores. Involucrado nun roubo e detido polos detectives Hernández e Fernández, Tintín segue os criminais ata Escocia onde descubrirá a súa gorila na Illa Negra.

Zephyrum Ediciones Cartonado
22,5 x 30 cm 62 páxinas
ISBN: 978-84-124169-0-9
17,57 €



López

Aproximación á esquiña figura de Celestino Carballeira

López debuxa a Celestino. Ou Celestino debuxa a López. E ambos os dous debúxannos a nós. Para deitar retransa e felicidade. Na mellor tradición do Castelao humorista. Unha proposta de humor intelixente.

Galaxia Cartonado 21 x 29,5 cm 80 páxinas
ISBN: 978-84-9151-795-5
19 €

OUTROS TÍTULOS DISPOÑIBLES EN GALEGO

As aventuras de Tintín. Obxectivo a Lúa

Zephyrum Ediciones Cartonado 22,5 x 30 cm 62 páxinas
ISBN: 978-84-949935-2-7
15,67 €

As aventuras de Tintín. Camiñantes na Lúa

Zephyrum Ediciones Cartonado 22,5 x 30 cm 62 páxinas
ISBN: 978-84-949935-9-6
15,67 €

TEATRO



Afonso Becerra de Becerreá Pandrama

O *pandrama* vai máis aló do *drama clásico* e inclúe o *posdrama*. A suma de ambos é o *pandrama*. Porque a palabra en acción non só representa ou imita o mundo, como acontece na forma dramática a través do diálogo dos personaxes nunha situación de conflito. A palabra en acción é performativa e, en consecuencia, tamén pode crear ou xerar mundos reais. A ficción fica na cabeza de cadaquén. Todas as palabras e silencios que se ofrecen neste libro son acción, son xogo. Para iso necesitan á persoa que le e á que observa o espectáculo para poñelas en acción. E, ao activalas, crear o mundo de novo, como crianzas, como deuses.

Laiovento Rústica
14 x 21 cm 88 páxinas
ISBN: 978-84-8487-578-9
10 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €

XVIII PREMIO
RAFAEL DIESTE DE
TEXTOS TEATRAIS 2017



Ernesto Is Despois das ondas

Tras corenta anos no exilio, María Casares regresa á patria da súa infancia convertida nunha grande intérprete, e no símbolo da España refuxiada, coa lembranza dunha Galicia entre as brétemas do pasado. Será nesa néboa onde a actriz deberá internarse para atopar o significado dunha vida chea de éxitos e perdas, onde as pantasma que camiñan pola súa memoria axudarana a responder á verdadeira razón desta viaxe: quen é María Casares? *Despois das ondas* é a primeira peza dramática longa en galego sobre a vida e a carreira da actriz, unha das creadoras máis influentes do século XX. Estreouse en 2019 pola compañía ButacaZero, con dirección de Xavier Castiñeira, no Teatro Colón da Coruña, cidade natal da protagonista, e a onde nunca puido regresar. O texto reedítase agora no centenario de María Casares.

Galaxia Rústica
13,5 x 21 cm 86 páxinas
ISBN: 978-84-9151-830-3
11 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €

Carlos Callón



O libro negro da lingua galega

Por vez primeira un libro céntrase en recoller e explicar testemuños da represión lingüística en Galiza ao longo dos séculos, coa divulgación de moitos documentos pouco ou nada coñecidos. Nas súas páxinas retrátase a crueldade dos castigos nas escolas por falar na lingua prohibida, acreditados desde 1543 até 1980: vareadas, de xeonllos sobre garavanzos, pedras nos petos, o método do anel, etcétera. Abre un camiño para o estudo das multas franquistas por "hablar al público en gallego" e das inspeccións por «exagerado acento gallego». Lembra a profanación da lápida de Alexandre Bóveda para lle castelanizar o nome e publica regulamentos escolares inéditos que perseguían o galego no século XVIII. Detense na negativa do Consejo de Castilla a autorizar un libro en galego en 1616. Lembra como o director da Real Biblioteca española no



Setecentos decidiu non imprimir as "Cantigas de Santa María" por achar «extravagancia y mal gusto» a poesía en galego. Cita queimas de libros e suscita o abraio ao saber que millares de cartas do padre Sarmiento acabaron como papel hixiénico. O autor debruza sobre estas e outras 1001 noites de pedra para así axudar a entender como se pode gañar o futuro para a lingua que nos une.


Xerais Rústica 170 x 24 cm 768 páxinas
ISBN: 978-84-1110-119-6
25,60 €



Darío Xohán Cabana A música das palabras. De lingua e literatura (1990-2021)

«Pra escribir, escóitome a min mesmo e a música das palabras, non as normas dos gramáticos». Darío Xohán Cabana reflexiona, con rigor e excelencia, sobre literatura e lingua, compartindo o seu coñecemento e prestando especial atención á tradución e á poesía. Son pequenos ensaios, en forma de artigos e conferencias, escritos entre 1990 e 2021, nos que aborda a obra de moitos dos autores máis relevantes da literatura galega, unha boa parte dos cales mantiveron unha estreita relación persoal co autor: Celso Emilio, Manuel María, Xosé María Álvarez Blázquez, María Mariño, Novoneyra, Cunqueiro, Lois Pereiro, Xosé Miranda, Díaz Castro, Xosé Luís Méndez Ferrín..., ademais de grandes nomes da literatura universal coma Dumas, os trobadores occitanos e, xaora, Dante e Petrarca. Darío Xohán Cabana deixa constancia neste volume dunha vida enteira dedicada a ennobrecer a cultura galega e facer da súa lingua e literatura un herdo imprescindible.

Xerais Rústica
17 x 24 cm 456 páxinas
ISBN: 978-84-1110-071-7
23,70 €



Rosario Mascato Rey Valle-Inclán, poeta moderno no canonizado

Segunda edición, revisada e actualizada, do traballo feito coas ferramentas e maneiras de entender a investigación literaria propias do Grupo de Investigación Valle-Inclán (GIVIUS). En castelán.

UDC Rústica
17 x 24 cm 496 páxinas
ISBN: 978-84-9749-761-9
28,50 €



Josefa Martín García (Ed) Cien años de formación de palabras en español. Homenaje a Alemany Bolufer

Como obra primixena nesta materia para o español, o *Tratado Alemany* influíu decididamente noutras obras contemporáneas, como a Gramática da RAE de 1920, na que se inclúe por primeira vez un capítulo dedicado á formación de palabras que recolle os tres procesos que Alemany recoñeceu no seu traballo: a derivación, a composición e as parasínteses. En castelán.

UDC Rústica 104 páxinas
ISBN: 978-84-9749-828-9
10 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €



Pablo Vázquez e Denis Carballás Son da cidade. O libro da música viguesa do noso século

Dunha maneira visualmente atractiva, amena e accesible a todo tipo de públicos, este ensaio ilustrado pretende divulgar o panorama actual e descubrir a que soa Vigo. Fala do que se está a cocinar nos estudos e salas de concertos da cidade olívica. Do rock ao trap, pasando polo folk, reggae e jazz, nas súas páxinas alternáanse textos, debuxos e material gráfico sobre case cincuenta artistas locais que representan a súa ampla e variada escena musical. Denis Carballás e Pablo Vázquez, ambos os dous vigueses de 1995, colaboran xuntos desde que se coñeceron mentres estudaban Comunicación Audiovisual en Pontevedra. Culminaron a carreira co seu documental *Cuna de músicos*, que fai un percorrido polas últimas catro décadas da música viguesa a través de dezasete entrevistas e abundante material de arquivo.

Galaxia Rústica 24 x 21 cm 180 páxinas

ISBN: 978-84-9151-836-5

21,85 €



Fernando Fernández Rego Suso Vaamonde. A canción libre e comprometida dun pobo

Biografía que sitúa a Suso Vaamonde como unha das figuras máis relevantes da música galega. "Son moitos -di o autor- os aspectos polos que temos que reivindicar a súa figura: por loitar pola terra, pola fala e pola cultura galegas; por reivindicar a poesía galega e vencellar a literatura co pobo, por renovar a canción infantil en galego..."

Galaxia Rústica 24 x 21 cm 180 páxinas

ISBN: 978-84-9151-827-3

22,80 €



Marcos Gendre Discoteca atlántica. 100 discos galegos (1970-2020)

Selección caleidoscópica da música galega do último medio século. O autor é un dos máis prolíficos da literatura musical. Entre os trinta ensaios musicais que publicou en diversas editoriais, destacan *Pata Negra*, *Anarquía e liberdade dos Amador* (2018), *Manchester*, *El sonido de la ciudad* (2018) e *Miles Davis*. O *Big Bang oceánico* (2017). Como xornalista cultural, escribe para publicacións como Zona de Obras, El Salto, Rockdelux, Vinte, Luzes e Mondosonoro. Ademais, é coordinador do colectivo Ruido de Fondo e do selo discográfico Esquio.

Galaxia Rústica 24 x 21 cm 212 páxinas

ISBN: 978-84-9151-896-9

26,98 €

Javier Becerra



Amancio Liñares Giraut e Valentín Arias López

As paroladas de Avelino Pousa Antelo na Radio Galega

No ano no que se conmemora o décimo aniversario do falecemento do mestre galeguista e agrarista Avelino Pousa Antelo (Barcala-A Baña, 1914/Oza-Teo, 2012), os autores desta edición volven sobre a lembranza da súa figura "argallando" -como a el lle gustaba dicir- un novo libro que recolle textos e ilustracións na súa memoria.

Medulia Rústica

15 x 23 cm 278 páxinas

ISBN: 978-84-125253-3-5

18,90 €



Séchu Sende

O povo improvisador. Aventuras sobre regueifa e poesía oral

Este libro está escrito mas fala de poesía oral. Fala de mistérios, aventuras e curiosidades do repente galego, um mundo cheio de oportunidades para mudar a realidade do século XXI com as vozes, as músicas e as palabras do povo. Improvisar implica abrir camiños novos, fugir dos tópicos, com criatividade e rebeldia. Porque se fizeres o que sempre fizeste, terás o que sempre tiveste. Este libro fala sobre umha capacidade que todas as pessoas posuímos e podemos desenvolver: a poesía. O povo improvisador é umha reivindicación de que tu também podes ser regueifeira. O povo improvisador transmite energia para mudar o mundo através das palavras. Séchu Sende (Padrom, 1972) é escritor, sociolinguista, regueifeiro e professor.

Através Capa mole

16,3 x 23,4 cm 176 páxinas

ISBN: 978-84-16545-68-1

15,20 €



Atlántico. El disco de la libertad de Xosé López

Dez anos despois do nacemento de "Atlántico", este libro revisa a prodixiosa aventura vital e musical dun disco incompreso no seu momento, co que Xosé López tivo que ver como parte dos seus fans o rexeitaban e a crítica despachábao con tibieza. Un exercicio de valentía que a dicir do xornalista Javier Becerra contén algunhas das mellores cancións do pop en castelán dos últimos tempos. Un pulso entre a liberdade do artista e as expectativas do público no que venceu definitivamente a beleza. En castelán.

Hércules Cartonado

16,5 x 24 cm 232 páxinas

ISBN: 978-84-18966-41-5

22,70 €



Isto é rock!

Nos anos 50 do século XX o rock apareceu como un terremoto que sacudiu o mundo. Moitos pensaron que se trataba dunha moda pasaxeira, pero equivocáronse totalmente. Aquele son que impulsaron artistas como Chuck Berry, Elvis Presley e Jerry Lee Lewis puxo a xente a bailar e desatou unha tolema colectiva que pervive ata hoxe. Mantivérona vixente artistas como The Beatles, Janis Joplin, Led Zeppelin, Ramones, Queen, Blondie, Bruce Springsteen e Joan Jett, entre moitos outros que completan estas páxinas, portas de entrada a un mundo fascinante para as novas xeracións. Ilustracións de Catuxa Alonso.

Hércules Cartonado

20 x 20 cm 64 páxinas

ISBN: 978-84-18966-52-1

18,05 €

Xesús Rábade Paredes

**A luz co tempo dentro**

"A luz co tempo dentro pode lerse como un constante balanceo entre dúas realidades que interpelan e que nos mobilizan. A pulsión e revelación da existencia, por un lado. Polo outro, a poderosa sede de plasmarse e autorrealizarse nos planos da ficción. Sempre máis próximo da terra que se pisa que da entelequia de ceos arelados, o autor é consciente de que unha elevada porcentaxe da xente apenas pode satisfacer a fame, collida na cadea de patróns invisibles, de estafadores que ninguén controla, de escravistas sen freo e de negreiros que a axeonllan e a atan á ruína". O escritor confesa: "O voluntario regreso ao ser da terra, a ese natural ritmo do tempo e das sazoas, significou acaso a etapa máis serena, harmoniosa e fecunda da miña singradura. Como unha recalada cando esa hora de ir recollendo velas se aveciña". Texto da contracapa.

Galaxia Rústica
13,5 x 21 cm 148 páxinas
ISBN: 978-84-9151-838-9
15 €

Aniversario do nacemento de Antolín Faraldo

Xurxo Martínez González

**Querida liberdade.
Vida e obra dun
precursor do
Rexurdimento.
Antolín Faraldo**

No 200 aniversario do seu nacemento, este volume aborda a vida e a obra de quen Manuel Murguía definiu como "el primero y el mejor". Antolín Faraldo (Betanzos, 1822-Granada, 1853) simboliza a voz dunha xeración, a dos Provincialistas, que iniciaron o vieiro cara ao autogoberno. Faraldo puxo sobre a mesa debates enormemente actuais: o feminismo, o suicidio, a separación da Igrexa-Estado, a conformación histórica da identidade, a idea de nación, a liberdade de opinión ou o vangardismo literario, entre outros. O libro contén un amplo estudo introdutorio de Xurxo Martínez González estruturado en breves epígrafes e cunha clara vontade didáctica. Tras el, unha completa antoloxía con 45 artigos de Faraldo.

Alvarellos Cartonado
13 x 20,5 cm 420 páxinas
ISBN: 978-84-18567-17-9
22,80 €



Victorino Pérez Prieto

**A unidade e
a harmonía
da realidade.
Complexidade e
ecoloxía**

Diálogo aberto co mundo da ciencia e do pensamento que avanza unha nova maneira de situarse como persoa e comunidade crente-relixiosa dentro da realidade. Un ensaio apaixonado que fala de ciencia, física, filosofía, teoloxía, mística, natureza, de creación e do lugar que a persoa ocupa.

Galaxia Rústica
13,5 x 21 cm 282 páxinas
ISBN: 978-84-9151-828-0
20,95 €



**Domingo García-Sabell
Paseata
arredor da morte**

Domingo García-Sabell (Santiago de Compostela, 1908 - A Coruña en 2003), escritor, político e médico, foi unha das figuras máis recoñecidas do pensamento galego do século XX. Partindo da analítica existencial heideggeriana (o home como "ser para a morte") e da súa longa experiencia médica, Domingo García-Sabell pasea neste libro arredor do misterio da morte. Misterio, pero tamén feito material, físico, visible, humano. Da tensión entre estes dous polos conceptuais xorde este excepcional ensaio que só aspira, coa humildade que o propio tema demanda, a botar un chisco de entendemento racional sobre o fenómeno da morte, un dos últimos tabús da nosa sociedade.

Galaxia Rústica
13,5 x 21 cm 174 páxinas
ISBN: 978-84-9151-781-8
17,10 €



**Karl Polanyi
A grande
transformaçom. As
origens políticas e
económicas do noso
tempo**

"A Grande Transformaçom aparece como a crítica máis radical ao capitalismo liberal. Mas hai que precisar: nom é unha crítica da industria, mas da ideología; e a crítica é radical porque é objetiva, antropológica. Digamos, pois, que o libro contem a visom mais objetiva da sociedade dos séculos XIX-XX enquanto dominada pola conceiçom liberal da economia". Louis Dumont. En tradución de Claudio López Garrido, autor tamén do posfácio.

Laiovento Capa mole
14 x 21 cm 498 páxinas
ISBN: 978-84-8487-5765
28,45 €



**Valentim Fagim
Estou a estudar
portuguê**

Entre a nosa lingua e a lingua que queremos aprender, sempre há uma distância. Este livro foi idealizado para pessoas cujas linguas são o galego e o castelhano. A lingua alvo é o portuguê. Os materiais que compõe o livro são aqueles que se precisam para fazer este percurso e incluem exercicios para aprofundar no conhecimento. Valentim Fagim, Licenciado em Filologia Galego-Portuguesa, é professor de portuguê na Escola Oficial de Idiomas desde 2001 e corresponde de cursos on-line de portuguê LE para o corpo docente da Galiza.

Através Capa mole
24 x 17 cm 296 páxinas
ISBN: 978-84-16545-69-8
19 €



**Xesús Vázquez Méndez
A cuestión política
na persoa e no
pensamento de
Martin Heidegger**

Neste ensaio abórdase a polémica da dicotomía entre pensamento e política en Heidegger co obxectivo de proporcionarlle unha resposta ou, cando menos, fornecer sobre ela unha perspectiva filosófica que afecta ao corazón mesmo do pensamento heideggeriano. Basicamente, despois dunha breve referencia a certos feitos históricos, o traballo divídese en tres partes: o comentario de algúns textos heideggerianos ineludibles de contido político, presentación do debate filosófico sobre o asunto Heidegger desde a selección duns poucos autores significativos e, por último, o autor ofrece unha visión da conexión entre filosofía e política en Heidegger que explicaría o seu compromiso ideolóxico co nacional-socialismo.

Laiovento Rústica
14 x 21 cm 256 páxinas
ISBN: 978-84-8487-580-2
17,05 €



**Manuel Castelao Mexuto
Cabanillas / Otero
Pedrayo. Na noite
estrelecida/Arredor
de si**

Todo o fulgor da época "Nós" fixo posíbel e resoa nas súas múltiples facetas en Na noite estrelecida, as "sagas" artúricas de Ramón Cabanillas. Tras percorrermos o seu proceso de devoración textual do pasado para o proxecto con valor reflexivo sobre o presente, adquire aínda máis pleno sentido *Arredor de si*. Nel, Ramón Otero Pedrayo creou unha estratexia narrativa da máxima ousadía, en ton co seu proxecto político cultural, e deu á luz unha obra prima onde o ideolóxico e o literario conseguen fundirse con rara perfección, ao facer do seu narrador a voz onde a nosa Historia se dá sentido e inaugura o retorno da Galiza á consciencia de si, porta para o desenvolvemento da súa liberdade.

Laiovento Rústica
14 x 21 cm 358 páxinas
ISBN: 978-84-8487-559-8
23,70 €



Daniela Ferrández Pérez

A defunción dos sexos. Disidentes sexuais na Galiza contemporánea

Libro divulgativo que recompila historias e memorias de persoas que viviron alén da norma sexual na Galiza dos últimos cento cincuenta anos. A través de fontes de arquivo e xornalísticas reflexiónase sobre algúns dos itinerarios que estas persoas tiveron que percorrer e o seu enfrontamento co xugo dunha sexualidade obrigatoria que as condenaba ás marxes e ao ostracismo. O desenvolvemento do traballo non se centra nun relato exhaustivo sobre a disidencia sexual e de xénero en cada unha das épocas investigadas, senón que estas se configuran como pequenas xanelas das que se extraen historias e memorias de persoas diversas. Persoas perseguidas, aceptadas, toleradas ou reprimidas. Vidas, a fin de contas, necesarias para unha reflexión actual e colectiva sobre o pasado, o presente e o futuro das disidencias sexuais.

Xerais Rústica
14,5 x 22 cm 216 páxinas
ISBN: 978-84-1110-120-2
17,57 €



VV AA

Mulleres imprescindibles. Educadoras na vangarda do século XX

Esta obra pon de relevo o protagonismo dalgunhas das mulleres máis importantes da recente historia educativa que sempre existiu aínda que permanecese oculto durante moito tempo. Rosa Sensat, María Barbeito, María de Maeztu, María Luísa Navarro, María Sánchez Arbós, Justa Freire, Elbira Zipritia, Marta Mata e Carme Miquel son grandes referentes educativos do «século da infancia». Con textos de Joan Soler Mata, Ana Romero Massiá, Raquel Vázquez Ramil, Víctor Juan, Miel Anjel Elustondo, María del Mar del Pozo Andrés, Núria Simó Gil e Carmen Agulló. Coordinan Antón Costa e Manuela Rodríguez. A tradución é de Isabel Soto.

Kalandraka Rústica
15 x 21,5 cm 224 páxinas
ISBN: 978-84-1343-139-0
18,05 €



Lorena López López

Ainda invisíbeis? Narradoras e margens na literatura galega contemporánea

A filóloga e poeta Lorena López explora a escrita de quatro autoras actuais e os puntos cegos dos quais estas se (in)visibilizaram no noso campo literario. Indo alén de rótulos como "literatura feminina" ou "literatura feminista", atende-se nesta obra ás interseccións entre género, nación, violencia, fantasía... Como indica no seu prólogo Helena González, "Lorena López, no que já foi tese e agora é libro, percorre a obra de[Margarita] Ledo, [Patricia] Janeiro, [Cris] Pavón e [Teresa] Moure para verificar que no punto cego há modelos ficcionais, personagens marcadas pela sexualidade e pelo género, representações da nação e concepções autorais que dialogam com as práticas de resistência cultural deste presente. Nenhuma escritora é igual à outra e, no entanto, todas compartilham um foco claro na ideologia e na forma literária".

Através Capa mole
16,3 x 23,4 cm 208 páxinas
ISBN: 978-84-16545-71-1
15,20 €



Plutarco

Escritos sobre as mulleres

O único papel que se lles recoñecía ás mulleres no mundo antigo era o que desenvolvían dentro da casa, como esposas, nais e administradoras e organizadoras das cuestións domésticas. Co argumento da súa incapacidade para calquera actividade desenvolvida máis alá dos muros do fogar, foron excluídas da vida pública, non tiveron acceso á educación e viviron no anonimato. Non deixa de sorprendere que, no medio deste panorama no que a lei lexitimaba a inferioridade da muller, Plutarco lle dea un papel tan importante nalgunhas das súas obras, considere conveniente o seu acceso á educación, aconselle a súa participación en ámbitos non tradicionais e recoñeza nela calidades que para o común da xente eran exclusivas dos homes. Este volume recolle tres tratados que forman parte das *Obras morais*: *Preceptos matrimoniais*, *Excelencia das mulleres* e *Máximas de mulleres espartanas*. Tradución do grego clásico, introdución e notas de María Teresa Amado.

Rinoceronte Rústica
14,5 x 22 cm 112 páxinas
ISBN: 978-84-17388-80-5
15,20 €



Xesús Andrés López Piñeiro

Castelao. Plástica e pensamento 1903-1916

Ademais de nos eidos político e literario, Castelao é tamén un referente na plástica. Foi dos poucos que soubo ver o papel do realismo na arte e que pelexou a contracorrente contra o costumismo. López Piñeiro relaciona neste libro a obra plástica e o pensamento do autor de Rianxo.

Galaxia Rústica
13,5 x 21 cm 192 páxinas
ISBN: 978-84-9151-855-6
19,71 €




VV AA

Os límites do crecemento

Resumo do informe para o proxecto do Club de Roma sobre os retos da Humanidade, publicado hai medio século, do que son autores Donella H. Meadows, Dennis L. Meadows, Jørgen Randers, William W. Behrens III. No limiar dos tradutores Juan J. Casares Long e José A. González indícase que o traballo pode avaliarse como audaz e innovador. A súa principal conclusión científica é que os retardos na toma de decisión a nivel global pode causar que a economía supere os límites planetarios antes de que o crecemento da pegada ecolóxica da humanidade comece a reducirse.

Galaxia Rústica
14 x 21 cm 228 páxinas
ISBN: 978-84-9151-845-7
19,90 €



Emilio Araújo

Nunha brancura de cella. ANCARES

Uns apuntes de situación, da situación do mundo dos Ancares a finais dos anos 80 e principios dos anos 90 do século XX, no que atinxe tanto ás realidades materiais como ás realidades ideais. Apuntes e voces, a proximidade das cousas no espazo fibrado de néboa dun goxo. Aínda un pequeno portelo para entrar na amplitude de vida daquel universo. Unha cella, unha morea de neve que prometeu o vento. E a ponte pobre das bágoas, a nube de sentimento dunha porfía de atención.

Toxosoutsos Rústica
14,5 x 21 cm 210 páxinas
ISBN: 978-84-124910-7-4
17,10 €



VV AA

La catedral de la arquitectura

Libro de arquitectura que a xeito de levantamento de acta recolle textos dos profesionais que interviñeron na restauración da catedral de Santiago na campaña 2010-2021. Tanto arquitectos como tamén restauradores en pintura, madeira e metais, así como outros profesionais, fixeron un notable esforzo de síntese para ceñirse aos requirimentos dunha publicación desta natureza, necesaria para deixar inventario e testemuño das intervencións que se levaron adiante. Coordinado por María Xosé Fernández Cerviño, Xerardo Estévez Fernández e Adrián Martín Prieto. En castelán.

Presentado nun estoxo que contén os dous volumes e unha carpeta co plano de Kenneth John Conant de 1924

Andavira Rústica
21 x 29,7 cm 774 páxinas
ISBN: 978-84-125227-7-8
44 €



Francisco Rodríguez

Unha etapa estelar e conflitiva de Galiza Tomo I. A relevancia do reino galego medieval

Libro de historia que pretende supear cualitativamente a visión limitada, parcial e sesgada sobre unha etapa dourada de Galicia que vai dende o século VIII ata a primeira metade do XIV. "Unha das nosas intencións fundamentais –di o autor– foi revelar feitos agachados, esclarecer mellor sucesos coñecidos e explicar o seu sentido, a súa orientación no contexto no que se produciron, e algunhas veces tamén como determinaron o noso futuro". Francisco Rodríguez desmonta a operación de ocultación que secularmente obviou a existencia do reino de Galicia e o seu peso político no conxunto dos reinos occidentais peninsulares na Idade Media. A segunda metade do século XIV será obxecto de atención nun segundo e novo volume da obra.

AS-PG Cartonado
16,5 x 22 cm 540 páxinas
ISBN: 978-84-949659-4-4
25,65 €



Ricardo Grobas Faros y paisajes costeros

Un libro que convida a visitar a costa galega e gozar da súa paisaxe e da arquitectura das edificacións relacionadas coa seguridade marítima. Ricardo Grobas leva máis de trinta anos dedicado á fotografía profesional en medios de comunicación. Apaixoadado do mar e da navegación a vela, cultiva a fotografía de paisaxes. Edición trilingüe en castelán, galego e inglés.


Belagua Cartonado
30 x 24 cm 128 páxinas
ISBN: 978-84-121433-3-1
23,70 €

PREMIO ANTÓN
LOSADA DIÉGUEZ 2022

Roberto Mera Covas Alejandro Viana. Un galego á fronte do rescate dos refuxiados republicanos

Roberto Mera narra a odisea iniciada o 18 de xullo de 1936 polo seu tío bisavó e recupera a proeza dun home íntegro e entregado aos demais. Na Europa ocupada polos nazis, miles de exiliados republicanos españois devencían por chegar a América para salvar as súas vidas. Entre eles, Alejandro Viana Esperón (Pontearreas, 1877 - México DF, 1952), deputado republicano de esquerdas ao que ben se podería alcar como o Schindler galego. Á fronte de varias organizacións humanitarias, entre elas o Servicio de Evacuación de Refugiados Españoles, Alejandro Viana organizou dende Francia a saída de miles de refuxiados nunha trintena de expedicións marítimas a distintos países de América, na súa maioría a México. Cos alemáns en Francia, Viana arriscou a súa vida para continuar axudando os exiliados até que, acosado pola Falange e a Gestapo, emprendeu en 1941 unha desesperada fuxida. Logo de once meses de angustiante viaxe por África, logrou chegar a México.

Belagua Rústica 14,5 x 22 cm 260 páxinas
ISBN: 978-84-121433-8-6
19 €



Fernando Cabeza Quiles Galicia, lo gallego y los gallegos

